

A perda da serie reducida feminina do posesivo en textos notariais galegos e portugueses da época medieval: cronoloxía e pautas no proceso de difusión da innovación

Carme Silva Domínguez

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

Nesta achega tentamos poñer de manifesto as diferencias que se detectan entre os textos galegos e portugueses notariais medievais no proceso de decaemento e posterior abandono da serie reducida feminina *ma, ta e sa* do posesivo. A partir dun modelo composto de tres fases, unha primeira de rendibilización da oposición entre encurtamentos e formas plenas segundo criterios de carácter funcional, unha segunda de transición e unha final de extinción da viabilidade sintagmática das reducións, obsérvase cómo as variedades lingüísticas do norte e do sur do Miño se distinguen tanto na cronoloxía do cambio de fase como na duración relativa de cada unha destas. Finalmente examínase o problema da converxencia ou diverxencia entre rexistro notarial e oralidade a través da elaboración dunha tipoloxía de ocorrencias do encurtamento, organizadas nunha escala de acordo coa súa representatividade como indicios da pervivencia da serie á marxe da escrita.

Palabras clave: sociofiloloxía, sociolingüística histórica, posesivo, encurtamentos, formas tónicas e átonas, prosa notarial.

ABSTRACT

In this approach we try to show the differences between medieval notarial Galician and Portuguese texts during the process of decay and later the abandonment of the reduced feminine series *ma, ta and sa* of the possessive. By means of a model composed of three phases: a first one of taking advantage of the opposition between reductions and complete forms according to criteria of functional character, a se-

Data de Aceptación: maio de 2002

cond one of transition and a final one of extinction of the syntagmatical viability of the reductions, it is observed that the linguistic varieties to the North of the Miño differ from those to the South not only in the chronology of the phase's change but also in the relative duration of each of them. Finally we examine the problem of convergence and divergence between the notarial register and the oral use by elaborating a typology of occurrences of reduction organized in a scale according to their representativity as evidence for the survival of the series on the edge of the written use.

Key words: sociophilology, historical sociolinguistics, possessive, reduced forms, tonic and atonic forms, notarial prose.

1. INTRODUCCIÓN

O presente traballo ten como finalidade principal a posta en coñecemento dunha serie de achados relativos ó diferente comportamento que se observa na prosa notarial ó norte e ó sur do Miño¹ na rendibilización dun recurso sintáctico dispoñible na lingua medieval: a diferenciación, no paradigma dos posesivos e no xénero feminino, entre unha serie reducida ou encurtada, *ma*, *ta* e *sa*, e as correspondentes formas herdeiras das plenas latinas *mia* / *mina*, *tua* e *sua*². Así mesmo, a cronoloxía do cambio lingüístico consistente no progresivo aban-

1 Queremos facer dúas observacións previas que, ó noso xuízo, cómpre ter en conta para valorar o alcance e intencións desta achega:

(a) No apartado primeiro da bibliografía que figura no cabo relaciónanse as compilacións documentais empregadas na elaboración do traballo, e indícase a denominación convencional que se adoptou para cada unha delas. A copia do material en soporte informático foi realizada no seo do proxecto *Gramática histórica da lingua galega*, dirixido polo profesor Dr. D. Xavier Varela Barreiro, ó que lle agradezo que amable e xenerosamente me ofrecese os textos para o seu exame. Quero tamén facer constar a miña débeda coa profesora Dra. Dña. Ana María Martins, que me permitiu analizar a versión informática do apéndice documental —daquela aínda inédito— da súa tese de doutoramento. Precisamente cando rematabamos o noso artigo tivemos noticias da publicación da compilación de textos transcritos pola doutora Martins. Dela ofrecemos de seguido a súa referencia bibliográfica:

Martins, A. M. (ed.) (2001): *Documentos Portugueses do Noroeste e da Região de Lisboa. Da Produção primitiva ao Século XVI*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.

(b) Ó longo do traballo utilizamos as denominacións **galego** e **portugués**, e tamén **textos galegos** e **textos portugueses**, non porque presupoñamos que na época medieval deban entenderse as variedades norteñas e sureñas do galego-portugués como pertencentes a diasistemas diferenciados, senón unicamente para evitar a constante reiteración dos sintagmas “textos do norte do Miño” e “textos do sur do Miño” ou similares. É **galego** para nós o estadio lingüístico que se detecta tralo exame dos textos non poéticos escritos no territorio xeográfico e político coincidente coa Galicia administrativa actual e mais as áreas limítrofes pertencentes hoxe ó noso territorio lingüístico. En paralelo, é **portugués** o sistema que sintetiza a variación que ten lugar ó sur do Miño, politicamente unitario e independente desde máis de cen anos antes da redacción do escrito máis antigo do noso corpus. O agrupamento que propoñemos para o material textual con que traballamos corresponde, pois, a criterios de carácter político, pertinentes por canto estudiamos os produtos dun xénero textual en que os referentes culturais e institucionais acadan unha evidente centralidade.

2 Por comodidade, non aludimos ós plurais correspondentes nin das formas plenas nin dos encurtamentos. Pola mesma razón non reproducimos como básicas as formas con nasalidade vocálica. Tampouco non aludiremos en detalle á constelación de variantes gráficas ou morfolóxicas que é posible detectar nos textos, especial-

dono da primeira destas series e na conseguinte consolidación dos derivados de MĚA(M), TUA(M) e SUA(M) como alternativa morfolóxica única é tamén diversa en galego e portugués medievais. Por último, cabe a posibilidade de detectar unha interesante variación no interior da propia serie reducida en canto á persistencia e representatividade na escrita dos encurtamentos de primeira e terceira persoas, pois *ma* ten unha vixencia residual tanto ó norte como ó sur do Miño, en tanto que *sa* amosa no portugués unha estabilidade practicamente total ata a segunda metade do século XIV.

A escolla do rexistro escrito vencellado ás actividades xurídicas como o ámbito en que con maior fiabilidade é posible achegarse ós procesos de cambio lingüístico no galego e no portugués medievais é unha das alternativas máis viables, ó noso xuízo, perante a grande estabilidade e a practicamente total ausencia de diferenciación diatópica, e mesmo diacrónica, que caracteriza a *koiné* trobadoresca³. A lingua da poesía presenta, ademais, un compoñente de artificialidade motivado pola intervención nas escollas de convencións métricas e rítmicas, que ben puideron modificar o reparto de espazos sintácticos entre dúas series de formas non coincidentes nin en número de sílabas nin necesariamente no seu carácter tónico ou átono⁴. Por contra, son reiteradas as afirmacións que, para o mundo románico medieval, sinalan a vinculación entre lingua notarial e territorio máis inmediato⁵. Cómpre ter en conta, así e todo, as moi estables características ligadas ó rexistro en que están escritos os textos xurídico-administrativos en calquera tempo e lugar, e en especial a súa tendencia ó anquilosamento e á apa-

mente na primeira persoa (sirvan de exemplo as alternativas *mĭa*, *mja*, *mĭa*, *minna*, *mina*, *miña*, xeralmente ó norte do Miño; *mha* e *minha*, as máis empregadas no territorio portugués), pois o obxectivo do noso traballo non consiste no exame da diversidade de evolucións de MĚA(M) latino neste dominio lingüístico, senón na análise da competencia entre todas estas e o encurtamento *ma*. As formas *mia* e *mina* deben entenderse, pois, como simples alusións a toda unha familia de resultados.

- 3 Acerca do funcionamento e condicións de ocorrencia das formas reducidas na variedade vencellada ás cantigas, véxase Silva Domínguez (2002 a: 32-34 e 117-119). En síntese, neste traballo destácase a diversa rendibilidade das persoas primeira e terceira da serie encurtada na lingua dos textos poéticos. En efecto, fronte á maioritaria presenza pronominal de *sa* e o mantemento de *sua* especialmente en posicións fortes —con algunhas excepcións, así e todo—, na lingua das cantigas o emprego de *ma* é xa residual, en tanto que *mia* se converte na opción especializada en anteposición ó substantivo e *mina* ocorre posnominalmente na maior parte dos exemplos. No confronto entre a rendibilidade relativa dos encurtamentos no rexistro notarial e na poesía, cabe considerar como exacta a tradicional percepción dunha mellor implantación da serie reducida na variedade lingüística asociada a esta última actividade, na liña do que afirma, por exemplo, Ferreiro (1995: 259).
- 4 Se ben a atonicidade da serie encurtada non parece cuestionable, si hai datos para considerar circunstancialmente átonos algúns dos resultados galego-portugueses das formas plenas latinas. Afirmacións neste sentido para o castelán medieval recóllense en Martínez Alcalde (1996: 29B31) e Satorre Grau (1999: 14-15). En Silva Domínguez (2002 a: 35-38) tentamos demostrar o carácter ambivalente, en termos de tonicidade, que corresponde á primeira persoa *mia*, pois esta acepta unha pronuncia tanto átona e encurtada [mjá] como tónica e non encurtada [mía].
- 5 Moi ilustrativa nos parece, a este respecto, a seguinte observación, tomada de Santamarina (1995: 63): “Polos trazos idiomáticos dos textos [os primeiros textos da Idade Media], podemos saber se un notario era de Avilés ou de Cornellana, de Arras ou Rouen”.

rición de elementos formulísticos extremadamente recorrentes, transmitidos sen análise ningunha e cun baixo ou nulo nivel de comprensión parcial dos seus constituíntes⁶.

Os obxectivos que nos fixamos neste traballo relaciónanse parcialmente cos que Gimeno Menéndez (1991), a partir de Romaine (1982), propón para a disciplina denominada **sociolingüística histórica**, aínda que cun menor grao de ambición pola nosa parte. En efecto, esta área da lingüística aspira, segundo o autor, a unha reconstrución o máis apurada posible do repertorio de estilos con que conta unha determinada comunidade de fala en épocas antigas da súa evolución. Por contra, nós investigaremos unicamente nun destes estilos, aquel en que están escritos os textos notariais, e tentaremos deducir das pautas de funcionamento que nel presentan os posesivos reducidos algunhas conclusións acerca da viabilidade de tales formas precisamente naquel rexistro a que non podemos acceder de maneira directa e por razóns evidentes, a oralidade. Parece obvio, e así se recolle mesmo nos tratados de gramática histórica máis tradicionais, o feito de que o vínculo entre un estilo de lingua que é un dos máximos representantes do que Koch e Oesterreicher (1990, *apud* Kabatek, 1997: 229) denominan **linguaxe de distancia**, e as convencións lingüísticas vencelladas ó que estes mesmos autores chaman **linguaxe de proximidade**, non pode ser en absoluto directo. Con todo, si cremos que fenómenos de progresiva redución da vixencia dunha forma ata o seu total esvaeceamento teñen certamente a súa orixe nun cambio lingüístico que se desenvolveu en principio na linguaxe coloquial, e que se manifesta de maneira indicial nos textos escritos non só a través do abandono do recurso, senón nas probas estruturais do seu deterioro que supoñen certos fenómenos de anquilosamento sintagmático. A información que ofrecemos de seguido axústase máis ben ós criterios do que Wright (2001) denomina **sociofiloloxía**, pois pártese da consideración como relevantes de aspectos relativos ás circunstancias de produción dos textos, e moi en especial postúlase a crucial importancia da información referida ó autor —nos escritos notariais medievais, fundamentalmente a indicación do seu lugar de nacemento e daqueloutro espacio en que exerce a súa actividade profesional— como vía para a explicación das características idiolectais dos seus escritos.

Segundo trataremos de poñer de manifesto no presente traballo, o cambio lingüístico consistente no abandono da serie reducida de posesivos medievais difundíuse con maior rapidez nos textos notariais ó norte do Miño, e demorou máis tempo en portugués. Se ben a desrición da situación medieval nos termos en que sucintamente a acabamos de expoñer non nos semella discutible, si se suscitan, ó noso xuízo, dúbidas de grande entidade acerca das impli-

6 Algúns dos trazos que se convierten en invariantes peculiares dos textos xurídico-administrativos son, segundo García Cancela e Díaz Abraira (1994: 17-19), a presenza de recursos lingüísticos propios e diferenciados, especialmente no léxico, e o gusto pola constante repetición de fórmulas e termos. As propias circunstancias que adoitan acompañar a elaboración deste tipo de produtos lingüísticos, e entre elas sobre todo a tendencia a redactar cada novo texto a través dun proceso de copia parcial e adaptación de modelos previos, explican tanto o mantemento de arcaísmos como a distancia con respecto ás variedades coloquiais da lingua e, xa que logo, a escasa e lenta recepción de formas e procesos innovadores.

cacións que supoñen tales comportamentos diferenciados con respecto ó rexistro oral, tradicionalmente considerado como de difícil accesibilidade porque sempre se chega a coñecer de maneira indirecta, parcial e fragmentaria. Segundo indicamos no parágrafo anterior, fronte a unha visión digamos “optimista” acerca das relacións entre lingua oral e escrita notarial na época medieval, de acordo coa cal esta última deixaría agromar de maneira máis ou menos estable e directa aspectos procedentes da primeira e ligados á variación sobre todo diatópica, xorden nos últimos tempos algunhas voces críticas que avisan da necesidade de non minimizar as especiais características constructivas de que participan reiteradamente os textos notariais, e máis en xeral reclaman a urxencia de ter en conta, e valorar na súa xusta medida, a natureza convencional da escrita tamén na etapa antiga da lingua. Aplicando esta afirmación ó caso que nos ocupa, temos que da constatación do diferente comportamento da serie átona en textos galegos e portugueses medievais non se segue, como única e necesaria interpretación posible, unha diverxencia en termos de distancia lingüística entre as variedades orais que sustentaron no seu momento este material documental.

2. CUESTIÓNS PREVIAS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

2.1. A natureza e importancia do problema: as súas implicacións tipolóxicas

Tradicionalmente, os manuais de gramática histórica galego-portugueses⁷ non prestaron unha importancia excesiva ó feito de que no noso territorio lingüístico existise, na sincronía medieval, unha serie reducida no paradigma dos posesivos, e moi probablemente esta é a razón de que nos ofrezan datos moi imprecisos e extremadamente limitados acerca do vigor e condicións de ocorrencia nos diversos xéneros textuais das formas *ma*, *ta* e *sa*. Por contra, as interpretacións do desdoblamento do paradigma en Lyons (1985, 1986, 1990, 1993), Giorgi e Longobardi (1991: 153-175) e Cardinaletti (1998) coinciden en sinalar a importancia da cuestión en termos tipolóxicos. En efecto, parece posible detectar interesantes correlacións entre este trazo e aqueloutros que definen o comportamento destes pronomes en diversos sistemas lingüísticos, tales como a existencia e condicións de aparición de estruturas reduplicadas como *o seu libro del* e semellantes⁸ e sobre todo os valores referenciais atribuíbles ás frases nominais dotadas de posesivo non articulado. Esta última cuestión, por contra, si foi tradicionalmente percibida como dotada dunha gran pertinencia interlingüística

7 Ó abeiro desta denominación referímonos ós seguintes traballos, nos que sinalamos as páxinas en que se ocupan dos posesivos: Nunes (1945: 242-245), Williams (1975: 159-160), Neto (1979: 234), Huber (1986: 191-192), Maia (1986: 675-682), Mattos e Silva (1989: 173-185) e Ferreiro (1995). Sobre a morfoloxía do posesivo en galego e portugués, cómpre ter en conta ademais a monografía de Dono (1979) e os artigos de Pensado (1983, 1984).

8 Sobre esta cuestión nas linguas iberorrománicas véxanse Meier (1948a), Spitzer (1950) e especialmente Company Company (1993).

e, cando menos no contexto das linguas románicas, sentiuse desde moi cedo a necesidade de explicar as razóns polas cales algúns sistemas camiñan desde a sincronía medieval cara á xeneralización da unidade articular en anteposición ó posesivo, en tanto que outros tenden a se desprender desta opción estrutural⁹.

Nun traballo noso anterior (Silva Domínguez, 2002 b) revisamos con certa extensión as diversas hipóteses, fundamentalmente dúas, que tentan dar conta da procedencia etimolóxica da serie *ma*, *ta* e *sa*. Postulabamos daquela que, fronte á febleza e precariedade ó noso xuízo atribuíble a aqueles indicios que puideran facer pensar nunha orixe estritamente románica, son moitas máis as evidencias que falan do carácter continuísta destas formas con respecto ás reducións que se documentan en certas variedades diafásicas e diastráticas do latín¹⁰. Alén de mellor xustificado a través do propio material lingüístico, este punto de vista permite contemplar o problema da perda da serie reducida galego-portuguesa nunha perspectiva de maior amplitude, a da oposición entre aquelas linguas neolatinas que mantiveron os encurtamentos procedentes do latín coloquial e aquelas outras que optaron por precarizar a integración no sistema desta serie —e o feito de conservar unicamente as formas femininas, con independencia de cales sexan as razóns que xustifiquen esta circunstancia evolutiva, é unha primeira forma de precarización— para, nun momento posterior, prescindiren totalmente de tal recurso morfolóxico.

Nun segundo traballo noso sobre esta cuestión (Silva Domínguez, 2002 a) postulamos como explicación máis verosímil acerca do comportamento de galego e portugués, sistemas que camiñan cara á eliminación da serie reducida de posesivos, fronte a, por exemplo, o francés, que a potencia e estabiliza¹¹, o feito de que este segundo tipo de linguas si parece atribuír desde antigo unha interpretación diferenciada, en termos sintácticos e semántico-referenciais, ós encurtamentos, que pasan a ser en exclusiva inductores de descrições definidas en ausencia da unidade articular ou de calquera outro elemento determinativo de valor semellante. Por contra, no territorio lingüístico galego-portugués tal evolución nunca chegou a se producir. En efecto, nos textos medievais as formas *ma*, *ta* e *sa* son totalmente equivalentes ás plenas correspondentes en canto ó seu comportamento sintagmático con respecto ó artigo determinado, e tamén na diversidade de valores semántico-referenciais que caracterizan as frases nominais en que se insiren. Non doutro xeito é posible interpretar, cremos, a combinabilidade entre a serie encurtada e o artigo indefinido, e mesmo a participación de *ma*, *ta* e *sa* en estruc-

9 Ampla é a bibliografía que se ocupa de xustificar o comportamento de artigo e posesivo nos sistemas neolatinos: Meier (1948a e b), Terracini (1951), Lapesa (1971), Ly (1978), Dono (1978: 89-119), Sánchez Álvarez (1985), Clavería Nadal (1988), Pino Serrano (1989: 254-266; 1996), Hermida Gullás (1994) e Silva Domínguez (2002 a: 127-135).

10 Cfr. Lyons (1986: 23), acerca dos sintagmas con posesivos reducidos nas famosas cartas de Claudius Terentianus.

11 Un posicionamento acerca da etimoloxía da serie encurtada do posesivo francés *mon / ma*, *ton / ta*, *son / sa* atópase en Lyons (1986). Wunderli (1978) e Pino Serrano (1989) ofrecen datos acerca das condicións de ocorrencia e combinabilidade destas unidades no francés antigo e medio.

turas dotadas de valores referenciais virtuais unicamente (véxase para esta cuestión Silva Domínguez, 2002 a: 117-122, con exemplos).

2.2. Os indicios da diversificación interna do territorio lingüístico: as diferencias entre galego e portugués na época medieval

Segundo indicamos en parágrafos anteriores, no presente traballo sinaláranse algunhas tendencias diferenciadas, ben perceptibles tralo confronto entre textos producidos ó norte e ó sur do Miño, no funcionamento e rendibilización da serie reducida dos pronomes posesivos. Esta é a razón pola cal cómpre contextualizar tal oposición no conxunto das achegas que, para a caracterización individualizada de ambos os subsistemas, se teñen feito nos últimos anos. De seguido intentaremos indicar as posibles liñas de forza que permiten establecer xeneralizacións a partir do inventario concreto de diverxencias detectadas, así como tamén ubicar nos diferentes compoñentes en que tradicionalmente se organiza a descrición dos sistemas lingüísticos (fonético-fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e léxico-semántico) a rede de oposicións que se explicita na bibliografía sobre esta cuestión. Aínda que somos conscientes do carácter perennemente polémico do tema, cremos ineludible esta primeira tarefa de síntese e valoración como paso previo imprescindible para a correcta apreciación da diversidade de comportamentos que se sinalará no apartado seguinte do traballo.

Con independencia das interpretacións que se propoñan para o conxunto de trazos que permiten cualificar como galego ou portugués un texto da época medieval, é un feito asumido polos filólogos que se dedican ó estudo deste tipo de manifestacións escritas a evidente existencia de tales características diferenciadoras. Por contra, á hora de decidir a qué tendencia unitaria remiten todas elas, os cualificativos a que se acode non soamente son diferenciados, senón que poden resultar mesmo opostos. Así, por exemplo, Lorenzo (1975: XXVII, nota 17), indica que “en realidade no son muy grandes las diferencias entre el gallego y el portugués en la época arcaica y desde siempre se reconoce cierta unidad”, para nun traballo posterior apuntar: “o galego é máis innovador [...] pois o portugués case sempre queda coa forma fonética máis etimolóxica” (Lorenzo, 1985: 81). Tal conclusión parece coherente coa matriz de trazos que este investigador emprega nos seus traballos á hora de demostrar a galeguidade lingüística da *Traducción galega da Crónica General* e das *Cantigas de Santa María*, e que á súa vez se incardina de maneira perfecta na tradición gramatical portuguesa (cfr. Lorenzo, 1975: XXVII). Por contra, Maia (1986), quen se manifesta abertamente en contra da hipótese dunha escisión temperá no territorio lingüístico galego-portugués¹², percibe boa parte dos trazos que

12 “A minuciosa análise lingüística realizada ao longo do Capítulo II permite concluir que, não só em relação à língua das composições trovadorescas, mas também a textos escritos doutra natureza, como são, por exemplo, os documentos notariais, se aplica a designação de galego-português. Pode falar-se, realmente, de uma comunidade linguística no Noroeste de Portugal e na Galiza, o que, naturalmente, não implica uma unidade total, uma total uniformidade na língua das duas regiões” (Maia, 1986:889).

opoñen ambas as dúas rexións na etapa medieval desde xustamente o prisma oposto ó que anteriormente se indicou, pois cualifica o galego como variedade lingüística arcaizante:

“A concorrência de um número mais acentuado de formas nos documentos da Galiza resulta, em grande parte, da conservação de resultados correspondentes a diferentes estados evolutivos da língua. Os notários ou escribas da zona portuguesa não utilizam muitas das variantes cronologicamente correspondentes a uma fase mais antiga, sendo, portanto, muito menos acentuada a alternância entre variantes fonéticas e morfológicas. Daqui resulta também o maior arcaísmo da linguagem em documentos da Galiza, por oposição à dos documentos da zona portuguesa que, sob muitos aspectos, oferecem uma linguagem mais moderna” (Maia, 1986: 894).

As razóns polas cales a valoración conxunta e xenérica dun material lingüístico en boa parte coincidente acada un grao de diverxencia tal que chega a ser oposta son diversas e moi directamente relacionadas co feito de se focalizar, como de maior interese ou importancia, un trazo ou un número reducido de trazos diferentes en cada caso. Así, en Maia (1986) aparecen como basicamente caracterizadores dos textos galegos, e índices do conservadorismo que ó seu xuízo define este territorio lingüístico, o mantemento das desinencias en *-des* no sistema verbal, a pervivencia dos participios en *-udo* ata o século XV, a evolución culta (provocada pola interferencia do castelán, na súa valoración: p. 894) de SEPTIMANA > *semana* e a conservación das formas non analóxicas de posesivo *sou*¹³.

A percepción do galego medieval e do portugués norteño como menos evolucionados xa desde a época antiga da lingua é tradicional na filoloxía portuguesa, parece remontar ós fundacionais traballos de C. Michaëlis de Vasconcelos (Bechara, 1991: 69) e mantense no esencial nas achegas das novas xeracións de lingüistas que aplican metodoloxías máis innovadoras ó estudo do material textual (cfr. por exemplo Carvalho, 2000: 67, quen fala da existencia dun contínuum na variación diatópica dentro do diasistema medieval entre unha Galicia lingüisticamente conservadora e un Portugal meridional cada vez máis evolucionado¹⁴).

13 O establecemento dun vínculo entre o mantemento da forma que descende directamente do posesivo latino masculino de terceira persoa e os “falares galegos” é un clásico na filoloxía portuguesa, pois xa Nunes (1945: 242, nota 3) afirmou que as variantes que manteñen a vocal tónica velar, dado que ocorren só no *Cancioneiro de Ajuda* e na *Crónica Troiana* de entre os escritos literarios, son máis características do galego do que do portugués. Maia (1986: 895) mantén no esencial esta afirmación, a pesar de que recoñece que “formas similares, de claro sabor arcaico, sobrevivieron até os nossos dias nalguns falares populares [portugueses] correspondentes a uma zona particularmente conservadora como é a faixa fronteira de Trás-os-Montes”. Máis propio sería, daquela, afirmar que esta variante morfolóxica foi de cedo descartada da estandarización que se produciu na lingua ó sur do Miño.

14 Esta autora analiza no seu traballo a alternancia medieval entre as variantes *-des* e *-is* (ou *-es*) do morfema número-persoal dos verbos ó norte e ó sur do Miño. Os resultados do exame permítenlle sinalar unha temperá e unánime preferencia da zona central de Portugal pola opción innovadora, de tal maneira que a forma antiga pronto se converteu en marcador daqueles estilos sociais ou individuais arcaizantes. Por contra, ambas as posibilidades morfolóxicas conviven (infelizmente non sabemos en qué medida nin en qué lugares, pois non

Por contra e desde a perspectiva de Lorenzo (1985: 81-167), o galego é máis innovador do que o portugués xa na etapa medieval dado que, por exemplo, xeneraliza os resultados con palatalización para a desinencia —STĪ— da 2ª persoa de singular do perfecto, estende ós pretéritos fortes a marca *-o* na primeira persoa e presenta reducións do ditongo crecente tanto en GUA- e -GUA- como en QUA-, por escolmarmos algunhas das evolucións que mellor exemplifican o espírito modernizador da lingua do norte. Con todo, non é difícil localizar, no inventario de trazos presentado por calquera destes autores, un bo número de evolucións contrarias quer á tendencia conservadora destacada por Maia (1986), quer á tendencia innovadora aducida por Lorenzo (1986) como propias do galego¹⁵.

Ó noso xuízo, a única conclusión firme a que cabe chegar a través da aplicación do parámetro **conservadorismo-innovación** consiste na evidencia de que certas formas preferidas, ou cando menos presentes, nos textos notariais redactados no territorio hoxe administrativamente galego son máis antigas e supoñen unha situación de transición cara ás que se xeneralizaran nun momento cronolóxico máis temperán ó sur do Miño, en tanto que noutras evolucións a situación é xusto a contraria, e é en Galicia onde se documentan xa na época medieval movementos a que o portugués —cando menos na súa variedade estándar— non chegou nin sequera no momento actual.

Cremos de maior interese a reflexión acerca da outra gran tendencia de diferenciación entre textos do norte e do sur do Miño, sinalada esta vez de maneira unánime tanto nos traballos de Lorenzo (1975, 1981, 1985, 1987, 1998) como no estudo de Maia (1986). En efecto, un e outra concordan na percepción dun maior polimorfismo e diversidade de alternativas gráficas, pero tamén de niveis evolutivos, ó norte do Miño, en tanto que a documentación portuguesa aparece menos suxeita a calquera tipo de variación e tende máis cara á unidade. Así, Maia (1986: 893) cualifica a alternancia de formas nos textos galegos como intensa, pois neles obsérvase en moitas ocasións o “emprego pelo mesmo notário ou escriba, no interior do

se achega información de carácter estatístico nin datos a respecto da variación diatópica) no galego do século XV e nos textos da rexión miñota (cfr. Carvalho, 2000: táboa 1, p. 67). Aínda que consideramos incontestable esta parte da súa análise, non cremos en absoluto xustificada a afirmación de que na Galicia medieval puido existir unha diferenciación de natureza diafásica entre as dúas formas alternantes, de acordo coa cal, segundo a autora, “a ‘adopção das formas sem *-d-* em território galego começou em ambientes cultos, pois não se documentam formas de tipo moderno nos textos notariais privados do século XIV” (Carvalho, 2000: 67, nota 5). Desde o noso punto de vista, habería que establecer a posible relación xeográfica entre a situación de variación entre *-des* e *-is* (ou *-es*) nos textos medievais e a que existe na dialectoloxía contemporánea do galego, na liña do que se fai por exemplo en Álvarez e Xove (1998) para outros trazos que caracterizan falas galegas modernas. Sabido é que os dous resultados dos que falamos, o innovador e o conservador, son propios na actualidade de distintas áreas xeográficas do noso territorio lingüístico, e ambos existen, por tanto, na oralidade (cfr. García *et alii*, 1990: 57, mapa 5 ter).

15 Así, por exemplo, o galego é conservador na diferenciación dos substantivos deverbais procedentes de bases da segunda e terceira conxugacións, pois estes fórmanse con cadansúa vocal temática *-e-* ou *-i-* (*movemento-fingimento*) e na preservación do grupo *-str-* interior de palabra en substantivos e verbos (*rostro*, *arrastráualle*). Con todo, cómpre recoñecer que unha porcentaxe moi elevada dos trazos diferenciais que Lorenzo (1985) aduce debe ser interpretada como innovadora. Sobre o feixe de trazos que permite distinguir os textos escritos ó norte e ó sur do Miño, véxase tamén Mariño Paz (1998: 106-129).

mesmo documento, de diferentes variantes de una forma”. Á hora de explicar as causas de tal polimorfismo, a autora portuguesa asume as razóns aducidas por Lorenzo (1975: XXXV) cando este fala de que en Galicia “falta una unidade lingüística impuesta por un centro irradiador”. Por contra, a atenuación da diversidade gráfica e morfolóxica ó sur do Miño deriva da “constitución, desde cedo, no dominio lingüístico portugués, de un gusto lingüístico relativamente estabilizado de que os notários teriam coñecemento” (Maia, 1986: 1-2).

Os efectos da inexistencia dunha variedade preeminente, reflexo lingüístico da ausencia de predominio socioeconómico dun ámbito xeográfico sobre os demais, perduraron no caso do galego ata a actualidade, aínda que da percepción basicamente negativa que da diversidade se tiña no século XIX (cfr. por exemplo González Seoane, 1991) se pasase na proposta normativa en vigor a un aproveitamento en positivo de tal fenómeno (cfr. I.L.G. e R.A.G., 1995: 9, principio segundo). Por outra banda, intensificación da variación e ausencia dun estándar que actúe como **teito**, modulando e determinando a evolución da lingua, son fenómenos que van parellos, segundo se destaca reiteradamente desde o ámbito da estandaroloxía (cfr. por exemplo Muljačić, 1985, quen reelabora traballos previos do sociólogo alemán Heinz Kloss, e Fernández Rei, 1996).

A partir da constatación desta ó noso modo de ver substancial diferenza de comportamento entre os textos galegos e os portugueses, cremos posible defender o carácter máis realista das relacións entre os primeiros e a oralidade correspondente. En efecto, a inexistencia, ou a debilidade, dun sistema “mediador” no proceso de escripturalidade ó norte do Miño, posibilita e explica o feito de que na documentación procedente desta área xeográfica agromen de xeito natural non só algunhas das formas que de maneira espontánea remiten a variedades orais, senón tamén as tendencias de modificación do sistema debidas ó decaemento daquelas opcións constructivas que pasan a se interpretar como arcaísmos. Tal é o caso da que nos ocupa no momento actual. Non doutra maneira parece posible interpretar a seguinte afirmación contida en Maia (1986: 5): “Naquelas zonas onde nunca existiu una relativa unidade lingüística, resultante da acción de un centro irradiador, os documentos notariais reflectem mais claramente as particularidades da lingua viva, falada, da região”. A nosa análise do proceso de modernización lingüística que se expoñerá de seguido farase desde a perspectiva que se deriva das premisas anteriormente establecidas, para así entender mellor as peculiaridades da mudanza en cada unha das áreas lingüísticas.

Noutra orde de cousas, o exame dos indicios textuais acerca do comportamento da serie de formas reducidas de posesivo tal e como estes se amosan en textos galegos e portugueses coetáneos revélase de interese, ó noso modo de ver, no que ten de intento de constatación das posibles diferencias diacrónicas e diatópicas que se detectan nunha evolución morfolóxica común. En efecto, nos traballos que se mencionan nos parágrafos anteriores focalízase de preferencia a análise de tendencias e estadios evolutivos ó norte e ó sur do Miño a través dun inventario de trazos vencellados tanto ó compoñente fonético-fonolóxico como á morfoloxía, maiormente a verbal, de ambas as variedades. Son tamén numerosas as aproximacións á

diversificación léxico-semántica do territorio lingüístico galego-portugués, motivada e alimentada polo diferente contexto sociocultural en que desde moi cedo se moven as variedades situadas ó norte e ó sur do Miño¹⁶. Os datos que se expoñerán de seguido, no apartado terceiro deste traballo, parecen suxerir un novo tipo de oposición, a que remite á non-coincidencia cronolóxica entre procesos de carácter morfolóxico comúns a galego e portugués. Diferencias temporais e pautas distintas no desenvolvemento do proceso permitirían postular que tales modificacións se manifestaron na escrita de maneira independente en ambos os territorios.

3. A SERIE *MA, TA E SA* NOS TEXTOS NOTARIAIS GALEGOS E PORTUGUESES

Na nosa perspectiva, desde un punto de vista estrutural a situación de variación alomórfica a que deu lugar o nacemento, en variedades coloquiais do latín, dunha serie reducida para o posesivo, puido resolverse quer cun reparto de espazos funcionais entre formas tónicas e átonas totalmente pechado —e constando, por tanto, de dúas variantes en distribución complementaria—, quer a través da interpretación dunha das unidades alternantes como libre e da outra como sintacticamente condicionada. De ser a segunda interpretación a correcta, unicamente as formas plenas poderían funcionar como variantes en distribución libre, pois sabido é que os encurtamentos nunca ocorren nun oco sintagmático distinto da anteposición ó substantivo no territorio lingüístico galego-portugués.

Na etapa latina, os argumentos con que contamos para nos decantarmos por unha interpretación ou pola outra adoecen dunha evidente precariedade, polo que parece arriscado afirmar taxativamente que no rexistro oral da lingua se chegase desde cedo a unha estabilización da alternancia entre formas reducidas e non reducidas a través da especialización das segundas en ubicacións distintas da prenominal. Por contra e a teor dos resultados que manifestan os textos notariais meridionais, é posible postular que esta evolución si se deu no territorio lingüístico galego-portugués, pois, segundo veremos, ó sur do Miño o material documental máis antigo responde ben ó esquema de variación alomórfica baseada de maneira estricta nas pautas da distribución complementaria.

Máis difícil é chegar a afirmar que en todas as variedades do diasistema o reparto funcional entre formas reducidas e plenas acadou unha estabilización total, de tal maneira que só

16 Por exemplo, en Boullón Agrelo e Tato Plaza (1989) examínase o diferente proceso de escolla dun termo para a denominación do *SCRIPTOR*, que deriva no predomínio, nos textos galegos, da forma *notario*, en tanto que no Portugal medieval se prefire, aínda que con vacilación e certo debate interno, a opción *tabellião*. Silva Domínguez (1998) aproxímase ás tendencias especificamente galegas, especificamente portuguesas e comúns na escolla dunha denominación para o concepto “sistema lingüístico”, e dá conta do proceso de xeración, tamén con diferente cronoloxía, dun nome para a lingua propia. Máis recentemente, Bello Rivas (2001) destaca algunhas diferencias entre galego e portugués no campo da fraseoloxía dispoñible para a construción de textos notariais.

as primeiras se situasen en posición prenominal, e do mesmo xeito só as segundas ocorren noutros ocios sintagmáticos diversos. Con todo, e aínda que tal evolución non se documenta en ningún estilo de lingua ó norte do Miño —nin sequera na variedade lingüística asociada á *koiné* trobadoresca, cfr. *supra*, nota 3—, neste traballo postularemos que o punto de partida para o cambio lingüístico consistente na perda da serie reducida do posesivo feminino comezou tamén nos dialectos galegos, da mesma maneira que en portugués, nun estadio evolutivo non documentado en que *ma*, *ta* e *sa* foron as únicas alternativas viables como formas do posesivo en función de determinante frástico¹⁷.

Os feitos que veñen de se discutir, e que en realidade avanzan aspectos que se examinarán máis de vagar ó longo do presente apartado, provocan que propoñamos o establecemento de tres fases sucesivas para a análise da deriva histórica da serie reducida de posesivos, e máis en xeral no exame da evolución de todo o paradigma de formas femininas para un só posuidor. Na primeira destas fases, o encurtamento amósase como a única opción posible naquela posición sintáctica cualificada como **feble** por Giorgi e Longobardi (1991:158-159): “a weak position, in the relevant sense, can be defined as a prenominal position in a NP [=Noun Phrase] with a lexically realized head”. Por súa parte, neste primeiro momento a forma plena resérvase para as chamadas posicións **fortes**: función predicativo en cláusulas copulativas, modificador da frase nominal en posposición ó substantivo, ou finalmente para aqueles exemplos en que non existe unidade substantival na estrutura frástica.

Nun segundo estadio, as formas plenas compiten coas encurtadas polos contextos sintáticos de carácter feble, e as motivacións para a escolla dunhas ou outras non son, segundo veremos, de carácter meramente funcional. A terceira fase alcánzase cando cesa de se testemuñar no material documental a convivencia entre encurtamentos e formas plenas. Consúmase daquela a modificación do sistema consistente na erradicación dun grupo de elementos do seu inventario de formas. A vulgar polos indicios textuais, algunhas rexións do territorio lingüístico chegaron antes do que outras á culminación do proceso, ou ben se mantiveron de maneira máis demorada no estadio intermedio. Por outra banda, cómpre adiantar xa o feito de que a cronoloxía da mudanza non é coincidente ó norte e ó sur do Miño, e tampouco o é a duración relativa de cada unha das fases nunha área e na outra. En efecto, en portugués documéntanse mellor as fases primeira e terceira, en tanto que en galego parece haber unha máis prolongada demora no momento de transición.

A nosa exposición estrutúrase primariamente en dous apartados independentes, dedicados cada un deles á análise dos datos relativos ás formas de primeira e de terceira persoas

17 A razón fundamental pola cal parece útil considerar que tamén en galego a oposición alomórfica entre formas plenas e reducidas debeu acadar, nalgún momento da deriva da lingua desde o latín, unha estabilización suficiente como para que cada unha das dúas series se especializase en posicións sintáticas diversas, é a comodidade que representa o modelo teórico que consta de tres etapas —e que a seguir se debuxa— para a comparación entre os textos do norte e do sur do Miño. Ningún indicio hai tampouco contrario a esta posibilidade estrutural, que se xeneralizou noutras áreas do diasistema ben puido tamén ter lugar en galego.

de maneira individualizada. Segundo veremos, non existe en absoluto identidade no proceso de cambio lingüístico que leva aparelhada a eliminación de ambas, así como tamén é desigual o grao de representatividade de cada unha delas nos textos. As especiais condicións de referencia ás persoas gramaticais características da documentación notarial que conforma o noso corpus explican a ausencia de testemuños da segunda persoa *ta*, que só conseguimos documentar fóra da variedade lingüística en que se escriben os textos notariais¹⁸.

3.1. A alternancia entre *ma* e os resultados galego-portugueses de *MĒA(M)* latino¹⁹

3.1.1. *Os textos galegos*

A aparición do posesivo encurtado de primeira persoa pode ser cualificada con propiedade de esporádica nos textos por nós manexados, pois en total computamos algo menos de vinte e cinco testemuños da forma. O escrito máis antigo dos que ó norte do Miño presentan a redución *ma* data de 1265 (*História*, texto 3, Betanzos), en tanto que o máis tardío é de 1332 (*Oseira*, texto 1510, Deza). Con todo, só catro documentacións pertencen ó século XIV, polo que en realidade parece máis exacto falar non de tres cuartos de século no exame da vixencia do encurtamento²⁰, senón dun arco cronolóxico que abrangue o último tercio do século XIII, en que a unidade só chega a se testemuñar de maneira residual pois convive en condicións de precariedade con respecto ás formas *mia* ou *mina*, ambas documentadas tamén desde antigo²¹.

Á luz do material que proporcionan os escritos galegos medievais incluídos nas compilacións que examinamos, non é posible dar carta de natureza á primeira etapa das que anteriormente se propuxeron para a análise da convivencia entre formas plenas e encurtamentos, pois nin sequera na documentación máis antiga *ma* aparece como forma única exclusiva para a posición prenominal. Por contra, si localizamos varias áreas xeográficas concretas, de extensión diversa, ubicables cada unha delas en distintos estadios dentro do momento de competencia entre o encurtamento e as formas que descendeen da plena latina.

En primeiro lugar e nunha situación de incipiente desenvolvemento da alternancia, aínda que con predominio numérico da forma reducida, encóntrase un conxunto de cinco tex-

18 Algúns exemplos de *ta*, tomados de textos trobadorescos e da literatura galega en prosa, reproducense en Silva Domínguez (2002 a: 34).

19 Utilizo as grafías máis comúns, pero non as únicas. Non aludo á nasalidade por razóns de comodidade (cfr. *supra*, nota 2).

20 Un exemplo máis, totalmente illado, aparece nun documento de finais do século XV: “E outrosyo os ditos omes boos et juys e notario andaron e pegaron toda aldea do Vyso e *as mas parañas*” (*Devanceiros*, I, texto 103, liña 7, ano 1486).

21 Así, por exemplo, *Devanceiros* ofrece unicamente dous textos en que se testemuñan formas reducidas de primeira persoa (números 13 [*Oseira*, 1265] e 21 [*Montederramo*, 1274]). Por contra, nesta mesma compilación *mia* ocorre xa en 1255 (texto 5) e *mina* en 1297 (texto 36), aínda que durante o século XIII o predominio é da primeira destas formas. En *História* localízase *miña* xa en 1262 (texto 1, Nendos). *Oseira* presenta *mia* nun texto de 1267 en que tamén se documenta *ma* (número 949, Lemos).

tos redactados na Guarda e Tui entre os anos 1269 e 1289 e lidos en *História*²². Neles, o encurtamento é a alternativa maioritaria como posesivo feminino de primeira persoa, pero non se constitúe tampouco en opción única²³. Con toda probabilidade esta situación de competencia que beneficia a forma máis antiga tivo un carácter efémero, pois da década seguinte temos cinco textos, próximos aínda que non idénticos xeograficamente a estes, que xa presentan en exclusiva formas herdeiras dos posesivos plenos latinos²⁴.

Similar a este respecto, aínda que con algunhas particularidades, é a situación de alternancia que se deduce dun conxunto de documentos, catro en total, lidos en *Oseira* e escritos por un notario da Terra do Bolo, Francisco Pérez, nos anos 1296 e 1297²⁵. Neles testemuñase con forma plena a locución fixada *por mina alma* (texto 1261, liña 8) e sempre con encurtamento *da ma parte* (texto 1246, liña 17; texto 1261, liña 13) e *ma madre* (texto 1249, liña 8), en tanto que *por toda ma / mia / mina voz* presenta vacilacións: tres ocorrencias con encurtamento (texto 1249, liña 3; texto 1261, liña 3; texto 1262, liña 3), unha con *mia* (texto 1253, liña 4) e unha con *mina* (texto 1246, liña 2). No cómputo total, con todo, é maioritaria a escolla da forma reducida en sintagmas con posesivo feminino de primeira persoa, e por esta razón cremos posible interpretar a situación como exemplo dun estadio de novo incipiente no desenvolvemento da competencia entre a fase antiga e a innovación que reduce a variación morfolóxica do paradigma.

Nun momento practicamente xa de cancelación da segunda fase, caracterizado porque a documentación de formas reducidas, mesmo sendo persistente e prolongada no eixe temporal, pasa a ser esporádica e sempre minoritaria dentro de cada documento, atópase unha ampla área de Galicia ben representada nos escritos compilados en *Oseira*. Falamos dunha zona central do territorio, que abrangue as terras limítrofes entre as actuais provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo, en que *ma* se testemuña ocasionalmente entre os anos 1282 e 1305²⁶. Con todo, é xa importante a presenza de escritos da mesma área que non presentan

22 Son os numerados como 93 (A Guarda, 1269), 95 (A Guarda, 1271), 96 (A Guarda, 1278), 104 (A Guarda, 1288) e 105 (Tui, 1289). Os tres primeiros veñen asinados polo mesmo notario, Xoã Eanes.

23 En efecto, no texto 96 de *História* (A Guarda, 1278), xunto ós sintagmas *por toda ma uoz*, *a ma vina de Fferrreyros*, *ma madre*, *nē en ma vida nē despos ma morte* (liñas 2, 4, 4 e 7-8, respectivamente), aparece *por mina alma* (liña 3). Ademais, o documento 91 (A Guarda, 1267), idéntico xeográfica e similar cronoloxicamente, ofrece unicamente testemuños de formas plenas: *por toda mina uoz*, *por mina alma*, *da mina parte* (liñas 2, 5 e 11, respectivamente).

24 Son os documentos de *História* numerados como 108 (Tebrá, 1295), 109 e 110 (Tebrá, 1296), 111 (Baiona, 1296) e 121 (Tebrá, 1302).

25 Da responsabilidade de Francisco Pérez e con encurtamentos son os textos 1246 e 1249 (ambos de 1296), 1261 e 1262 (ambos de 1297). Desta mesma man, pero só con ocorrencias de formas plenas, é o texto 1253, que foi redactado na primeira destas datas. Na mesma zona, Aras Eanes asina nun momento cronolóxico tan tardío como 1323 un documento en que ocorre *pora ma onrra* (liña 24) a carón de oito testemuños de *minna* e un de *mia*.

26 Nos textos de *Oseira* numerados como 1162 (Terra de Asma, 1282), 1222 (Dozón, 1291), 1327 (Monterroso, 1305), 1309 (Deza, 1327) e 1510 (Deza, 1332). A estes pódese xuntar ademais unha documentación anterior, proveniente do escrito número 949 desta mesma compilación (Lemos, 1267), aínda que tal testemuño é dúbido polas aparentes dificultades de transcripción.

en absoluto esta forma, e en calquera caso a ocorrencia do encurtamento aparece sempre en competencia, dentro do mesmo texto, con respecto a *mia* ou *mina*.

Por último, de tres localizacións máis recollemos un único texto en que se documenta *ma*, a carón de varios escritos practicamente coetáneos que só testemuñan formas directamente descendentes de MĒA(M) latino: Betanzos (*História*, texto 3, 1265)²⁷, Montederramo (*Devanceiros*, texto 21, 1274)²⁸ e Monterrei (*História*, texto 58, 1290)²⁹.

Como síntese dos datos que se veñen de expoñer, cabe concluír que a presenza de formas encurtadas de primeira persoa na variedade lingüística empregada para a elaboración de escritos xurídicos, aínda sendo posible en amplas zonas xeográficas de Galicia, ten xa un vigor moi escaso no último tercio do século XIII, fóra dun par de localizacións concretas en que *ma* perdurou de maneira bastante estable ata os anos finais desta centuria. A persistencia desta alternativa morfolóxica en textos datados durante as primeiras décadas do século XIV é aínda máis residual.

Da mesma maneira que os indicios de variación diatópica e diacrónica, o exame da tipoloxía e características dos sintagmas que admiten o encurtamento revela tamén datos de interese. A aparición de *ma* en frases nominais que presentan substantivos relacionais humanos nunca se produce con posterioridade ós albores do século XIV³⁰. Ampla é, por contra, a relación de modismos que admiten o encurtamento, aínda que parece factible falar de dous grupos ben diferenciados en canto á posibilidade de integración da forma e ás condicións da alternancia entre esta e as herdeiras da plena latina. Un primeiro conxunto de locucións fixadas está formado por aquelas en que se documenta o encurtamento pero tamén son viables *mia* ou *mina* no mesmo oco sintagmático. Así, testemuñamos con certa abundancia *de ma parte*, *por toda ma uoz*, *de l en ma uida*, *despos ma morte*, aínda que sempre son maioritarias as ocorrencias coetáneas da mesma locución con formas descendentes da plena latina³¹.

27 Neste documento rexistramos unha única ocorrencia do posesivo de primeira persoa (*de ma parte ou de estrá*, liña 16). Por contra, os demais escritos coetáneos da mesma área presentan unicamente formas herdeiras das plenas latinas (cfr. por exemplo os textos de *História* numerados como 1 [Nendos, 1262], e 5 [Sobrado, 1281]).

28 No mesmo escrito aparecen dúas documentacións de *mia* (*por mias boas*, liña 19; *de mia parte*, liña 21). No texto número 16 de *Devanceiros*, tamén de Montederramo (1267), localizamos só descendentes da forma plena latina: *de mia muler* (liña 2) e *mya conpra* (liña 5).

29 No texto, un testamento, aparecen oito casos de formas reducidas, case sempre fóra de contextos formulísticos (cfr. *infra*, nota 70, en que se reproducen os exemplos). Ademais, en tres ocasións ocorre a locución fixada *por mia alma* (liñas 11, 22 e 33). Dous escritos se inclúen en *História* desta mesma localización xeográfica e próximos cronoloxicamente ó anterior, e ambos presentan só descendentes da forma plena latina: son os numerados como 53 (1274) e 59 (1292). Este último procede da mesma notaría que o testamento que estamos comentando, pero foi redactado por Martín André, escribán xurado, en lugar de por Miguel Eanes, o notario. A mudanza de man implica tamén neste caso cambio de criterios lingüísticos.

30 En concreto, documento *ma madre* en 1269 (*História*, texto 93, A Guarda), 1271 (*História*, texto 95, A Guarda), 1278 (*História*, texto 96, A Guarda), 1289 (*História*, texto 105, Tui) e 1296 (*Oseira*, texto 1249, Terra do Bolo). *Ma moller* aparece nunha única ocasión (*Oseira*, texto 1162 [Terra de Asma, 1282]).

31 Hai seis exemplos de *de ma parte* no intervalo cronolóxico comprendido entre 1274 e 1305, pero desde 1267 e ata 1298 localizo en *Devanceiros* e *História* nove ocorrencias de *de mia / mina parte*. Igualmente, *por toda*

Un segundo sector de frases feitas é aquel en que a documentación do encurtamento aparece como residual fronte ós exemplos en que ocorren formas herdeiras das plenas latinas. Así, *cō ma mão propia* só se testemuña nunha ocasión (*História*, texto 105, liña 47 [Tui, 1289]), mentres que hai seis escritos procedentes de *História* e *Devanceiros* que presentan *per / cō mia / mina mão (propia)* no intervalo comprendido entre 1290 e 1309. Tamén temos dous únicos casos de *por ma alma / cō saude de ma alma* (*História*, texto 95, liña 5 [A Guarda, 1271]; *Oseira*, texto 1510, liña 9 [Terra de Deza, 1332]), fronte a case dúas ducias de testemuños da mesma locución con forma plena entre os anos 1255 e 1305.

3.1.2. Os textos portugueses

Para o exame desta cuestión, tivemos en conta o material que fornecen dúas compilacións, *História* e *Martins*. Ambas permiten documentar unha moi exigua vixencia de *ma* en textos escritos ó sur do Miño nas décadas finais do século XIII. Así mesmo, dada a vinculación a diversas rexións da documentación incluída nas colectáneas, as diverxencias diatópicas, de existiren, quedarán con claridade ó descuberto.

A frecuencia relativa do encurtamento de primeira persoa é considerablemente menor nos documentos redactados ó sur do Miño do que acabamos de examinar para os textos galegos. En efecto, só seis escritos portugueses permiten testemuñar a existencia desta posibilidade morfolóxica, que ademais se presenta nun arco cronolóxico ben máis reducido do que anteriormente se indicou para a documentación escrita ó norte do Miño: entre 1268 e 1285³². A pesar do precario dos testemuños, é posible albiscar certas diferencias rexionais: no Portugal setentrional parece haber unha certa continuidade e sistematicidade na utilización de *ma* como forma exclusiva na década comprendida entre 1268 e 1278, cun único exemplo de *mha* neste período (*ena mha auoēga*, *Martins*, texto 12, liña 18 [Guimarães, 1277]). Postulamos, daquela, o mantemento desta rexión na primeira fase das que se se describiron previamente para dar conta da convivencia entre encurtamento e formas plenas, cunha incipiente penetración no segundo momento do proceso evolutivo.

Por contra, na zona central do país non hai vestixios da etapa previa ó inicio do movemento de cambio lingüístico, pois xa no ano 1263 se recolle *mia* como forma única nun documento (*Martins*, número 110, Lisboa). As manifestacións ligadas á segunda fase nesta área

ma uoz documéntase en nove ocasións entre 1269 e 1297, pero *por toda mia / mina uoz* aparece entre 1255 e 1302 en trece escritos. No caso de *en ma uida*, son cinco os casos de ocorrencia e testemúñanse entre 1271 e 1309, pero outros tantos exemplos de *en mia / mina uida* documéntanse no arco cronolóxico que vai entre 1265 e 1305. Por último, localizo *despos ma morte* en seis textos comprendidos entre 1278 e 1302, e *despos mia / mina morte*, noutros tantos desde 1258 a 1303.

32 Trátase dos seguintes documentos: Un de *História* (número 139 [São Pedro de Rates, 1285]) e cinco de *Martins* (números 7 [Cete, 1268] 12 [Guimarães, 1277], 13 [Benvider, 1277], 15 [San Fiiz e Pauha, 1278; foi escrito polo mesmo tabelión que o anterior, Giraldeanes] e 111 [Sintra, 1266]).

xeográfica non son tampouco abundantes, e xa a partir de 1272 a documentación reflicte a escolla de *mha* como forma prenominal única para o posesivo feminino de primeira persoa³³.

A modo de síntese, para as variedades lingüísticas ligadas en Portugal á prosa tabeliónica cabe afirmar que *ma* foi unha forma efémera e inestable con anterioridade ó último cuarto do século XIII, e practicamente inexistente con posterioridade a esta data. De nos atermos ós indicios que proporciona o material documental, o proceso de actualización lingüística que leva á extinción da forma de primeira persoa da serie reducida tivo lugar con gran celeridade ó sur do Miño e especialmente na área de influencia de Lisboa, pois nesta zona non é posible documentar pegada ningunha da primeira fase das tres de que se compón esta mudanza morfolóxico-sintáctica.

3.2. A alternancia entre *sa* e *sua*

3.2.1. Os textos galegos

Tampouco na terceira persoa hai constancia documental, ó norte do Miño, da primeira das fases que se propoñen máis arriba na explicación da convivencia entre formas átonas e tónicas, aquela que se caracteriza por un reparto ríxido de espazos sintagmáticos baseado na diferenciación entre posicións fortes e febles. En efecto, as primeiras documentacións do encurtamento, en textos de 1262, 1266 e 1269, son coetáneas ou lixeiramente posteriores ás ocorrencias máis antigas de formas plenas en posición prenominal³⁴. Por tanto, a totalidade dos testemuños lingüísticos con que contamos remite en exclusiva ás fases segunda e terceira das que se postulan *supra*, en §3. A partir da información que proporcionan os textos é posible afirmar que o proceso de transición se pechou na escrita notarial de todos os lugares de

33 Os escritos de *Martins* números 111 e 112 (Sintra, 1266 e 1274, respectivamente) son de grande interese, pois ambos foron redactados por un mesmo tabelión, Johane Mēēdiz ou Menendiz. No primeiro documéntase en exclusiva *ma* (*ma moler*, en catro ocasións; *per ma móó*, liña 13), e no segundo unicamente *mha* (*en mha uida*, liña 2; *de mha alma*, liña 5; *per mha maóó*, liña 11). Neste caso a modernización na alternancia de variantes morfolóxicas produciuse sen que fose preciso un cambio de man. Como era previsible, é o texto máis recente o que presenta a solución máis innovadora.

34 Os testemuños máis antigos de *sa* no noso corpus proceden dun texto escrito en Betanzos no ano 1262 e lido en *História* (número 2: *sa filla Thareygia Froyaz, Maria Perez que fuy sa muler, por si et por sas partes ia dictas do moesteyro subredicto, per si et per sas bonas*; liñas 5, 11, 12 e 35, respectivamente). O mesmo escrito proporciona tamén dúas documentacións das formas plenas. Nesta área xeográfica, a ocorrencia máis antiga de *sua* é algo anterior (texto 1: *cū todas suas directuras et pertinzas, toda sua uoomtade*, liñas 8 e 10, respectivamente [Nendos, 1262]). En *Oseira*, dous documentos de 1269 presentan encurtamentos (números 970 e 974, de Temes e Lemos respectivamente; no segundo aparecen tamén formas plenas). Dos catro textos en romance desta compilación en que ocorren formas de posesivo feminino de terceira persoa nesta mesma data, dous teñen encurtamentos e tres formas plenas. Con todo, cómpre sinalar que a documentación de *sua* é anterior nesta colectánea, pois a forma aparece xa en 1265 (texto 929, O Bolo). En *Devanceiros*, *sa* ocorre por primeira vez en 1266 (texto 14, *de seu padre e de sa madri*, liña 2), en tanto que xa no 1244 se documenta a forma plena *sua* (texto 1, O Bolo).

Galicia con anterioridade ó ano 1340, dado que despois desta data só *sua* persiste na documentación³⁵.

Con non ser en absoluto a opción maioritaria na súa banda cronolóxica, a representación nas diversas colectáneas do encurtamento de terceira persoa é moito menos residual do que acabamos de ver con respecto á forma feminina de primeira persoa. Dado que o número de documentacións é considerablemente máis elevado, parece viable a observación dalgunhas pautas que permiten comprender a convivencia entre as dúas alternativas morfolóxicas ó longo dos diversos estadios que é posible distinguir dentro da segunda fase, e máis en concreto pódese detectar o avance desde unha situación, teórica pero practicamente non testemuñada nos textos³⁶, de presenza maioritaria de *sa* fronte a *sua*, cara a un sistema que só conta de maneira residual coa primeira destas dúas formas.

En primeiro lugar, cómpre destacar o feito de que aqueles sintagmas en que aparecen implicados posesivos femininos de terceira persoa e substantivos relacionais humanos —*sa moller*, o máis frecuente; esporadicamente *sa madre* ou *sa(s) irmãa(s)*— ocorren co encurtamento de preferencia en textos redactados durante o século XIII³⁷, en tanto que son menos frecuentes os testemuños de tal posibilidade constructiva no primeiro tercio da centuria seguinte. Tralo exame detido dalgúns grupos de documentos, é posible detectar pegadas da corrente modernizadora que nos diversos escritorios tivo como consecuencia a substitución total da forma reducida pola plena correspondente en frases con nomes de parentesco. Así,

35 O último testemuño do encurtamento no noso corpus procede de *Oseira* (texto 1605: *et a carta estia en sa revor*, liña 13 [O Bolo, 1340]). Unha ocorrencia posterior, en *Universidade* (texto 229, 1351) queda invalidada por proceder dun texto escrito en Lisboa, e este feito é significativo no que ten que ver coa manifestación do fenómeno de decaemento da serie átona en textos redactados ó norte e ó sur do Miño.

36 Unicamente quedan vestixios do mantemento diatópico, ou quizais mesmo idiolectal, do primeiro estadio dentro da segunda fase, aquel en que a presenza das formas plenas en posición determinativa é aínda esporádica e tardía dentro dunha mesma serie de textos. Cremos posible adscribir a esta situación un grupo de documentos escritos por Iohan Narteiro, notario de Temes, que aparecen en *Oseira* e foron asinados entre os anos 1269 e 1275 (números 970, 988 —este tamén se le en *Devanceiros*, co número 19—, 1025, 1046, 1058, 1078, 1095 e 1100). Todos eles, con excepción do derradeiro, presentan en exclusiva formas reducidas de terceira persoa para o posesivo feminino. O feito de o último documento (*Oseira*, número 1100, 1275) presentar xa dúas ocorrencias de *sua* en posición pronominal (*dúas pereiras con sua erdade*, liña 21; *de sua irma Marina Perez*, liña 73) obriga a postular a pertenza da variedade lingüística que está detrás de todos estes textos a un estadio incipiente dentro da segunda fase, aquel en que se produce un progreso desde un reparto rixido de posicións de acordo con criterios sintácticos cara a unha permisividade, progresivamente ampliada, na ocorrencia pronominal das formas plenas. Nun documento procedente da mesma área xeográfica pero asinado por un notario diferente (*História*, número 25 [Temes, 1278]) aparecen xa unicamente formas plenas (*cõ toda sua uoz*, liña 5; *nos iam dictas suas filas*, liña 14).

37 En *Oseira*, localizo en total once exemplos de *sa moller*, só tres do século XIV. Con todo, en *Universidade* hai estruturas que amosan a pervivencia do encurtamento no sintagma ata 1336, aínda que en dous dos catro escritos do século XIV (en concreto nos textos 90, de 1329, e 156, de 1336), *sa moller* compite con *sua moller*, esta última maioritaria. Tamén existen documentacións illadas da forma encurtada en textos coetáneos. Así, en *Museo de Pontevedra*, o único testemuño de *sa* é precisamente o sintagma *sa moller Maria Giançe*, que ocorre nun documento de 1325 (texto 8, liña 4), en convivencia con *sua moller*, que aparece na liña anterior. Dúas ocorrencias de *sa(s) irmãa(s)* proceden de textos de 1275 e 1280 de *Oseira* (números 1100 e 1152).

son varios os casos en que de entre un conxunto de escritos producidos por un mesmo notario só o máis antigo presenta *sa*, case sempre en desigual competencia numérica con respecto a *sua* e en ocorrencias illadas. Esta pauta que rexe a competencia fai pensar ben na copia mecánica de estruturas procedentes ou imitadas de documentos antigos, ben nunha desatención puntual que provoca o feito de que agrome a forma que se interpreta xa como arcaica ou inusual³⁸.

En segundo termo, o funcionamento das frases feitas en que participa unha forma feminina de posesivo de terceira persoa presenta tamén peculiaridades dignas de se recensionaren. Así, un rastrexo minimamente exhaustivo na abondosa documentación compilada en *Oseira* permite descubrir a persistencia dos encurtamentos como constituíntes de certos modismos e vencellados a determinadas notaría ou mesmo individuos concretos, cando doutras áreas xeográficas posuímos documentacións practicamente coetáneas das mesmas locucións con formas plenas. Tres casos son os que se ofrecen como máis significativos: *con toda sa uoz*, *con (todas) sas pertenzas* e *en sa revor*. Vexamos cada un deles con certo detalle.

A primeira destas estruturas fixadas ocorre con encurtamento en sete escritos dos compilados en *Oseira* e datados entre os anos 1269 e 1275³⁹. Unha observación máis atenta destes textos revela unha mesma procedencia xeográfica (Temes, Lugo) e aínda máis, a man do notario Iohan Narteiro, mencionado xa anteriormente por causa do comportamento arcaizante do posesivo reducido nalgúns textos da súa responsabilidade (cfr. *supra*, nota 36). Con todo, desta vez non é posible cualificar sen máis de conservadora a tendencia desta persoa cara á utilización do modismo *con toda sa uoz*, pois os testemuños do grupo fraseolóxico con forma plena son aínda lixeiramente posteriores na súa datación⁴⁰. A falta de coetaneidade estricta entre *en sa uoz* e *en sua uoz*, o feito de que as documentacións da segunda opción construtiva sexan sempre máis tardías, non permite defender con rigor a posibilidade de que a per-

38 Así, por exemplo, nun documento do ano 1336 (*Universidade*, número 161), Johan Martinz, notario da Vama, emprega un único exemplo de encurtamento con substantivo de parentesco, *et sa moller donna Mayor Migelles* (liña 36), cando neste mesmo escrito contabilizo ata oito ocorrencias de *sua moller*. Por outra banda, en dous documentos posteriores asinados por este mesmo notario (números 195, de 1345, e 204, de 1347) non aparecen xa vestixios do encurtamento, e o sintagma ocorre en repetidas ocasións como *sua moller*. Outro exemplo: dos tres textos que se recollen nesta mesma colectánea procedentes da notaría de Pedro d' Angroes, en Santiago (números 233, 234 e 236) só o primeiro e máis antigo, de 1356, presenta unha ocorrencia de *sa moller*, a carón de sete casos de forma plena, entre eles catro *sua moller*. No seguinte documento, de 1358, o sintagma con forma plena aparece en tres ocasións, e no terceiro, de 1359, *sua moller* documéntase nunha ocorrencia. Dáse a circunstancia de que só para o primeiro hai constancia explícita de que proceda da man do propio notario (por causa da presenza da fórmula *et escriui*, na liña final do documento). A modernización de estruturas ben puido vir propiciada pola man doutra persoa do escritorio.

39 Trátase dos numerados como 970 (1269), 988 (1271) —lido tamén en *Devanceiros*, número 19—, 1025 (1273), 1046 e 1058 (ambos de 1274), 1058 (1274) e 1095 e 1100 (ambos de 1275).

40 En *História*, *en sua uoz* aparece por primeira vez no ano 1278, precisamente nun texto dun notario de Temes (número 25). A segunda documentación máis temperá do modismo con posesivo pleno nesta colectánea é de 1282 (número 100, Tebra). *Devanceiros* ofrece un testemuño do ano 1286 (número 26, Allariz). Unha ocorrencia anterior procedente dun texto do ano 1255 desta mesma compilación (número 6) provoca algunhas dúbidas polo carácter mixto, latín-romance, do texto.

sistencia do encurtamento neste grupo fraseolóxico sexa debida ós hábitos lingüísticos dun único individuo ou ás especiais características de repetición, e en ocasións copia irreflexiva e mecánica, propias dos textos notariais.

Por contra, tal hipótese de interpretación conta con máis avais documentais para o caso da locución *con (todas) sas pertenzas*, que se testemuña en *Oseira* con grande estabilidade entre os anos 1269 e 1318. Dáse a circunstancia, ademais, de que as dúas áreas xeográficas de pervivencia do modismo son coincidentes con aquelas sinaladas como especialmente conservadoras polo comportamento da forma reducida de primeira persoa (cfr. *supra*, §3.1.1). Así, tamén na terceira persoa, nesta locución e na zona central do territorio (unha área que abrangue Temes, Chantada e a Terra de Camba) é posible testemuñar encurtamentos dentro deste grupo fraseolóxico⁴¹. E de novo tres exemplos máis da locución con forma reducida proceden do notario da zona do Bolo Francisco Pérez⁴² (cfr. *supra*, §3.1.1 e nota 25), quen sen embargo emprega noutros dous documentos a variante plena do posesivo feminino de terceira persoa⁴³. A intuición de que podemos estar diante da persistencia de hábitos lingüísticos antigos, debida á repetición mimética de fórmulas que se ritualizan, atópase neste caso referendada pola localización dun elevado número de documentacións, coetáneas ou mesmo anteriores, do modismo *con (todas) suas pertenzas* noutras áreas de Galicia⁴⁴. Segundo acabamos de indicar, algunhas ocorrencias con forma plena proceden da mesma variedade idiolectal en que noutros casos se testemuña a locución con posesivo encurtado.

O terceiro dos modismos fixados a que aludimos máis arriba, *en sa revor*, é o responsable practicamente en exclusiva da demorada persistencia do encurtamento nos textos de *Oseira*. En efecto, boa parte dos testemuños da forma que nesta colectánea aparecen datados no século XIV procede de tres notarios da Terra do Bolo que empregan *en sa revor* en once textos de entre 1326 e 1340⁴⁵ de forma practicamente sistemática⁴⁶. Non é difícil a localiza-

41 Trátase dos textos de *Oseira* números 970 (Temes, 1269), 1025 (Temes, 1273), 1050 (Chantada, 1274), 1081 (Chantada, 1274), 1216 (Terra de Camba, 1290), 1407 (Temes, 1316) e 1412 (Temes, 1318).

42 Son os documentos de *Oseira* numerados como 1318a) e 1318b) (ambos de 1304) e 1426 (1321).

43 Son os textos 1337 (1307) e 1357 (1310), en que *con todas suas pertenzas* ocorre na liña 4 de ambos.

44 Así, en *História*, a locución con posesivo pleno localízase en textos próximos a 1280 —números 26 [Quiroga, 1281], 28 [Monterroso, 1286], 55 [Caldelas, 1281], 56 [Oseira, 1285], 59 [(Monterrei, 1292) e 105 [Tui, 1292]—. A primeira documentación desta opción en *Devanceiros* é moi anterior cronoloxicamente (número 13, 1265), e aínda que o texto tamén está asinado por un notario chamado Francisco Pérez, non temos datos para identificalo co anteriormente mencionado, pois neste documento non hai indicación explícita ningunha das terras de OrcellónBBuvalBO Bolo nas que o outro Francisco Pérez di exercer.

45 Son os lídos en *Oseira* e que aparecen cos números 1457 (escrito por Affonso Eanes en lugar de Affonso Eanes, 1326), 1499 (mesma autoría, 1331), 1511 (mesma autoría, 1332), 1516 (Fernán Eanes en lugar de Affonso Eanes, 1333), 1522, 1523, 1524 e 1533 (Affonso Eanes en lugar de Affonso Eanes, 1333), 1568 (Affonso Eanes por Affonso Fernández, 1334), 1570 (Affonso Eanes, notario titular, 1334) e 1605 (Affonso Eanes en lugar de Affonso Eanes, 1340). Segundo se pode observar, todas as documentacións da forma agás dúas son da autoría de Affonso Eanes, que actúa como substituto dun seu homónimo ou doutro colega.

46 Só localizo dous casos de *en sua revor* no conxunto de documentos asinados por estes autores (textos 1511 —1332, do notario titular Affonso Eanes— e 1532 —1333, de Affonso Eanes en lugar de Affonso Eanes, liña 14—). Moi frecuente é, nesta mesma banda cronolóxica e zona xeográfica, a utilización de fórmulas alterna-

ción do modismo con forma plena de posesivo en documentos bastante anteriores a estas datas e en puntos diversos do territorio lingüístico galego⁴⁷.

3.2.2. Os textos portugueses

No que ten que ver co encurtamento de terceira persoa, o exame dos datos procedentes de *História* proporciona uns resultados en aparencia paradoxais. En efecto, tanto nos textos redactados no que na actualidade é a provincia portuguesa do Minho como naquéloutros que proveñen do Douro Litoral, é posible diferenciar dúas situacións separadas entre si por un hiato cronolóxico excesivamente amplo e, por esta razón, moi escuro en canto ó seu significado. Así, a documentación datada antes de 1350 presenta en exclusiva a forma *sa* en posición prenominal, en tanto que a partir dos albores do século XV só se rexistran formas herdeiras da plena latina neste oco sintagmático. Cabe, pois, falar da existencia dun longo período de estabilidade na primeira fase das que anteriormente se postularon para a explicación do proceso de cambio lingüístico. A esta sucédea, en aparencia, unha incorporación ó momento final, con *sua* como opción única en anteposición ó substantivo, sen que exista na colectánea documentación ningunha do momento transicional de convivencia entre encurtamento e forma plena, que no noso traballo se definiu como etapa intermedia necesariamente anterior á culminación da extinción da serie reducida.

Efectivamente, nos textos anteriores á segunda metade do século XIV⁴⁸, *sa* aparece fixada como forma prenominal do posesivo feminino de terceira persoa na totalidade das ocorrencias. A partir de 1350 hai unha interrupción na documentación que ofrece *História* de aproximadamente cincuenta anos para a provincia do Minho⁴⁹ e de case un século para a de Douro Litoral⁵⁰, e nos escritos asinados con posterioridade ó 1400 a única forma documen-

tivas que teñen idéntico significado, pero que non inclúen o substantivo *revor* e non precisan de posesivo, como por exemplo *et a carta de doaçon valla para todo senpre* (texto 1508, ano 1332; texto 1526, ano 1333), *et a carta fique firme et valedeira para senpre* (texto 1531, 1333).

Por último, cómpre sinalar o feito de que nestes mesmos textos en que se escolle o encurtamento co substantivo *revor* (grafado ademais sempre con <v>), emprégase sen embargo a locución con posesivo pleno *con todas suas pertenças et dereyturas*, da que anteriormente indicamos que aparece construída con encurtamento en varias ocasións. A discrepancia de criterios con que este conxunto de notarios opera sobre dúas estruturas fixadas que posúen un gran número de paralelismos, entre eles a súa permisiva relación co encurtamento, pode ser interpretada como aval da relación de dependencia entre a forma reducida e determinadas estruturas fixadas. Volveremos sobre esta cuestión *infra*, en ⁴ 4.1.

- 47 Por citar os exemplos anteriores a 1300, en *História* temos en *sua reuor* nos escritos números 7 (Pontedeume, 1282), 20 (San Cibrao-Lugo, 1257), 52 (O Bolo, 1267), 56 (Oseira, 1285), 92 (A Guarda, 1269) e 98 (Terra de Deza, 1280). Como sempre, *Devanceiros* proporciona documentación tamén temperás do modismo fixado con posesivo pleno; así, o primeiro testemuño nesta colectánea é de 1267 (texto 15, Vilachá-Ourense).
- 48 Os dous últimos textos en que se documenta *sa* como forma prenominal de terceira persoa coinciden na súa datación, 1345, para ambas as provincias: trátase dos numerados como 146 (Maia) e como 162 (Cabeceiras de Basto).
- 49 O seguinte texto desta rexión é o número 163, un documento escrito en Cerdal no 1401 (pp. 286-287).
- 50 O seguinte texto desta rexión en que aparecen formas de posesivo feminino é o número 147, un documento escrito na Maia no 1448 (pp. 259-262).

tada, tanto en posición prenominal como posnominal, é *sua*. A inexistencia de escritos datados na segunda metade do século XIV en *História* motiva a nosa incapacidade para dar conta, a partir unicamente deste material lingüístico, do proceso de transición entre a situación de plena estabilidade e rendibilidade de *sa* na escrita e aquel momento en que *sua* ocupa todo o espectro de posibilidades sintagmáticas reservadas ó pronome posesivo de terceira persoa.

Os datos obtidos a partir do exame da documentación contida en *Martins* permiten unha comprensión máis exacta do cambio lingüístico, ó supliren a ausencia de testemuños da segunda metade do século XIV. En efecto, nos escritos compilados nesta colectánea si se manifesta a segunda fase no proceso de transición entre a plena estabilidade e a decadencia total dos encurtamentos de terceira persoa, e esta aparece situada entre os anos 1350 e 1400. Con anterioridade á primeira destas datas, *sa* é practicamente a única opción escollida en posición prenominal⁵¹. Por contra, no século XV só en número moi exiguo conseguimos testemuñar o encurtamento, e sempre en convivencia, dentro do mesmo escrito, coa forma plena correspondente⁵². Cabe, pois, falar dunha tendencia ó abandono da forma átona feminina de terceira persoa evidente xa trala análise de textos datados na segunda metade do século XIV, aínda que non consumada plenamente antes do 1400. Concretando aínda máis, o exame dos textos compilados en *Martins* parece suxerir que o recurso ó encurtamento decae no norte do país antes de 1380, pois as documentacións da forma posteriores a esta data nas rexións do Minho e do Douro son certamente esporádicas e en aparencia residuais⁵³, en tanto que na área lisboeta *sa* é aínda ben rendible nas dúas últimas décadas do século XIV⁵⁴. A posibilidade de

51 Non embargante e a diferenza do que ocorría en *História*, en *Martins* atopamos algunhas excepcións ó masivo predominio de *sa* en posición prenominal. En efecto, *sua* aparece xa en dous documentos datados no 1266 (número 111, Lisboa: *úa casa con sua quintá*, liña 4) e no 1282 (número 20, Maia: *por sua alma*, liña 5).

52 Dous únicos documentos testemuñan o posible mantemento de *sa* con posterioridade ó 1400. En primeiro lugar, o texto número 79 (Braga, 1407) é excepcional, pois presenta catro ocorrencias de formas reducidas (*cõ sas pertenças*, liñas 9, 17 e 21; *cõ todas sas casas, vjnhas e herdades*, liña 13) fronte a un único exemplo da forma plena (*como de sua herdade e cousa propia*, liña 19). A proximidade entre a datación do escrito e o límite cronolóxico inferior de pervivencia da forma reducida de terceira persoa pode explicar, ó noso xuízo, o carácter excepcional do texto dentro do seu arco cronolóxico. Con todo, nun documento custodiado no mosteiro de Chelas e datado nun momento tan tardío como o ano 1442 (número 195, Lisboa) aparece a locución *ẽ sa vida* (liña 20). A exigüidade numérica destas documentacións fainos concordar coa proposta de Bechara (1991: 69), segundo a cal a presenza de formas reducidas do posesivo aparece ligada á etapa arcaica da lingua, aquela que segundo este autor remata "ao final do XIV".

53 Os documentos desta área recollidos en *Martins* e provenientes dos mosteiros de Vilarinho e Moreira presentan un total de corenta casos de *sa*, todos eles anteriores a 1386. Con posterioridade a esta data só atopo catro exemplos do encurtamento no texto número 79 (Braga, 1407), en que tamén ocorre, coa forma plena, a locución fixada *como de sua herdade e coussa propia* (liña 19).

54 Dun total de sesenta exemplos de *sa* procedentes desta área, trinta e cinco pertencen a textos datados entre 1381 e 1394. Un exame demorado dos datos vencellados á cidade de Lisboa pode ter certo interese, dado o papel crucial da súa variedade diatópica na constitución do estándar portugués. Pois ben, dos sete textos redactados por notarios que tiñan a súa residencia profesional neste punto xeográfico, só nos dous máis recentes (textos 181 e 182 [Lisboa, 1385 e 1391], ambos procedentes da notaría de Stevam Ænes), é *sua* a forma escollida en exclusiva. Por contra, nos catro máis antigos deste intervalo cronolóxico (textos 173, 174, 177 e 178, todos eles custodiados no mosteiro de Chelas; anos 1370, 1372 e 1381, este último para os dous finais),

interpretar a perda de *sa* como unha innovación morfolóxica que se estende en Portugal de norte a sur parece coherente coa máis temperá desaparición do recurso nos textos notariais redactados na Galicia administrativa actual, a que se aludiu no apartado anterior do traballo.

Polo que ten que ver coas pautas en que se desenvolve a alternancia entre redución e formas herdeiras da plena latina con substantivos relacionais humanos durante os aproximadamente cincuenta anos de convivencia de ambas as alternativas en posición prenominal, cómpre subliñar en primeiro lugar o feito de que, segundo cabía esperar, son os documentos máis antigos dos situados neste intervalo aqueles en que se testemuña en exclusiva *sa molher*⁵⁵. Por contra, nos datados no último tercio do século XIV, ben o sintagma convive con *sua molher*, ben a opción con forma plena é a única escollida. A década dos setenta semella ser transicional na escrita do norte do país⁵⁶, en tanto que na área de Lisboa son os textos dos anos oitenta e noventa aqueles en que se libra a batalla final entre as dúas alternativas⁵⁷.

En canto ás circunstancias da escolla en grupos fraseolóxicos fixados e da mesma maneira que nos textos galegos, tamén no territorio lingüístico portugués cada locución parece posuír a súa propia historia e circunstancias cronolóxicas, aínda que dentro dunha preferencia xeral pola alternativa encurtada fronte á plena ó longo do intervalo cronolóxico de convivencia entre ambas en posición prenominal. A demorada fixación de *sa* en sintagmas unitarios é moi evidente nos modismos *con (todas) sas /suas pertencas*⁵⁸, *con (todas) sas /*

elaborados en diversas notaría da capital (da de Vasco Gonçalves os dous últimos), *sa* é a forma predominante, cun total de dezaseis documentacións, fronte a só tres *sua*. O extenso texto número 179, escrito en Lisboa no 1383 por un notario de certo rango pero aparentemente vencellado, por causa da súa nacencia, coa cidade de Coímbra (*Johã Affonso de Coimbra, tabelião geral em Portugal e Algarve*), presenta vintecinco documentacións de *sa* fronte a só catro de *sua*. Na práctica totalidade dos textos compilados en *Martins*, datados na segunda metade do século XIV e provenientes da zona central do actual Portugal, o encurtamento é aínda a opción maioritariamente escollida como posesivo feminino de terceira persoa.

- 55 Entre 1350 e 1360, *sa molher* é a única posibilidade que se documenta, e esta estrutura ocorre nos textos número 58 (Monção, 1350), 59 (Guimarães, 1353), 60 (Braga, 1355), 166 (Lisboa, 1353) e 168 (Santarém, 1357). Na zona de Lisboa, a primeira aparición de *sua molher* data do ano 1367, e este sintagma documéntase nun texto en que se mantén como maioritaria *sa molher* (número 172, Alenquer). No norte, a data do primeiro testemuño é similar, 1365 (documento número 64, Felgueiras-Lousada), aínda que neste caso só se localizan formas plenas no texto, e en concreto catro ocorrencias de *sua molher*.
- 56 En efecto, os dous últimos textos anteriores a 1400 pertencen a esta década, e en ambos encurtamento e forma plena conviven en alternancia; trátase dos numerados como 66 (Caldas, 1370; dúas ocorrencias de *sua molher* fronte a unha de *sa molher*) e 68 (Sá, 1379; nel, o sintagma *hũa vaca [...] cõ sa / sua filha* ocorre en tres ocasións co encurtamento, e unha coa forma plena).
- 57 Dos cinco textos que se sitúan no arco cronolóxico que vai entre os anos 1381 e 1391, un deles, o máis temperán, presenta só sintagmas reducidos (número 178 [Lisboa, 1381]). Noutro máis, encurtamento e forma plena conviven (número 179 [Lisboa, 1383], unha única documentación de *sua molher*, fronte a trece de *sa molher*). Nos outros tres só ocorre a alternativa que perdurou (números 180 [A Arruda, 1383], 181 [Lisboa, 1385] e 182 [Lisboa, 1391]). Non existen outros textos anteriores ó ano 1400 en que ocorran sintagmas deste tipo.
- 58 Nos tres textos deste intervalo cronolóxico en que se testemuña a locución, sempre se escolle a alternativa reducida. Son os documentos número 59 (Guimarães, 1353), 178 (Lisboa, 1381) e 179 (Lisboa, 1383). A opción que presenta o encurtamento aparece aínda en tres ocasións nun escrito de principios do século XV (documento número 79, Braga, 1407).

*suas entradas e saídas*⁵⁹ e *con todas (suas) benfeytorias*⁶⁰, semellantes en canto ós contextos sintagmáticos en que aparecen e practicamente só documentadas co encurtamento antes do 1400. Tamén *con / de sas / suas mãos*⁶¹ e *a sa / sua morte*⁶² presentan case en exclusiva documentacións do primeiro tipo. Por contra e de maneira excepcional, a forma plena é a única opción escollida na locución *per sua autoridade / outoridade*⁶³, en tanto que (*fazer*) *sua uoontade* amosa un empate numérico entre as dúas alternativas⁶⁴. Con todo, cómpre subliñar o feito de que, a diferenza do que anteriormente se destacou como característico dos sintagmas que inclúen substantivos relacionais humanos, e que consiste na tendencia a que as documentacións destes con formas plenas estean máis próximas ó final da segunda fase do que os testemuños que presentan encurtamentos, no caso dos grupos fraseolóxicos non é anómala a posibilidade de que sexa precisamente o texto máis antigo o que permita rexistrar a opción con posesivo pleno, ou de que as ocorrencias do sintagma cunha e outra opción aparezan entremesturadas cronoloxicamente.

-
- 59 Das tres, é a locución máis frecuente, e ocorre con encurtamento en sete escritos de oito. Son os documentos número 59 (Guimarães, 1353), 167 (Alenquer, 1355), 174 (Chelas-Lisboa, 1372), 175 (Santarém, 1373), 176 (Santarém, 1377), 178 (Lisboa, 1381) e 179 (Lisboa, 1383). Só no máis recente dos textos deste período en que se atopa este modismo testemuñamos a alternativa con forma plena de posesivo (documento número 181; Lisboa, 1385).
- 60 Só se testemuña en tres ocasións neste intervalo cronolóxico. En dúas delas escóllese a forma átona: trátase dos documentos 60 (Braga, 1355) e 183 (Ribatejo, 1394). Nun texto escrito en 1385 en Lisboa (documento número 181) ocorre xa *cō todas suas benffeytorias* (líña 8).
- 61 Contamos unicamente con documentacións norteñas, coa forma plena a máis antiga delas (documento número 58; Monção, 1350). O encurtamento testemuñase, por contra, nos textos número 59 (Guimarães, 1353), 68 (Sá, 1379) e 76 (Guimarães, 1397).
- 62 Esta vez, a locución só se testemuña nos textos do Portugal central. Aparece con encurtamento nos escritos número 172 (Alenquer, 1367), 175 (Santarém, 1373) e 176 (Santarém, 1377), os dous últimos asinados polo tabelián Johã Semal. Con forma plena no texto 170 (Santarém, 1367, pero do tabelián Steuã Perez). Un caso de *na ssua uida* ocorre no texto 76 (Guimarães, 1397, líña 8).
- 63 En *Martins*, cinco textos presentan a forma encurtada con este substantivo: trátase dos documentos número 60 (Braga, 1355; neste caso o sintagma exacto é *o dicto dom Pedro deu sua Autoridade*, líña 36), 68 (Sá, 1379), 170 (Santarém, 1373), 174 (Lisboa, 1372) e 179 (Lisboa, 1383). Non hai documentacións da forma plena. Con todo, cómpre subliñar o feito de que tampouco nos textos galegos localizo este substantivo acompañado do encurtamento. As documentacións máis antigas proceden de *História*: falamos dos textos numerados como 8 (Sobrado, 1300), 26 (Quiroga, 1281) e 56 (Oseira, 1285), e neles o sintagma aparece fixado baixo a forma de *per sua autoridade*. Bastante posteriores son os testemuños que se localizan en *Ribas de Sil*: trátase dos textos 69 (1326), 71 (1335), 72 (1336) e 74 (1347), e neles a locución adopta a forma de *per sua outoridade*. *Devanceiros* e *Universidade* ofrecen varias documentacións da segunda metade do século XIV e primeira do XV. É inédita, pois, tanto no territorio lingüístico galego como no portugués na etapa medieval, unha posible *per sa autoridade / outoridade*, ou cando menos o noso corpus non a recolle.
- 64 O modismo testemuñase con forma átona nos textos numerados como 69 (Maia, 1379) e 167 (Alenquer, 1355) e con forma tónica nos número 172 (Alenquer, 1367) e 174 (Lisboa, 1372). Unha ocorrencia de *fazer sua prol*, semellante en canto ó seu significado á anterior e con forma plena, aparece no texto 173 (Santarém, 1377).

4. ALGUNHAS XENERALIZACIÓNS A PARTIR DA ANÁLISE DOS DATOS

4.1. Trazos comúns e trazos diferenciais nas manifestacións do fenómeno en textos galegos e portugueses

Tralo exame do proceso de decaemento da serie medieval encurtada de posesivos é posible extraer certas pautas que se detectan igualmente ó norte e ó sur do Miño, a carón doutras particularidades específicas de cada unha das dúas rexións. Adiantando a exposición que segue cabe sinalar que, se ben o modelo segundo o cal a perda dos encurtamentos de raigame latino tivo lugar en tres fases sucesivas parece un bo esquema na explicación do proceso e está avalado por abundante material textual sobre todo nas fases segunda e terceira, existen no comportamento de ambas as áreas diferencias de grande entidade e interese.

O trazo máis relevante na oposición entre as falas do norte e do sur do Miño consiste, ó noso xuízo, no feito de que o estadio previo á mudanza, aquel en que o reparto de espazos sintagmáticos entre formas plenas e reducidas é extremadamente ríxido, é hipotético para o galego, pois unicamente se documenta en portugués e na alternancia entre *sa* e *sua* —minimamente se intúe, tamén, na primeira persoa—, e ademais cunha grande estabilidade e longa duración. Por contra, o momento transicional en que consiste a segunda etapa maniféstase con gran brevidade neste territorio lingüístico, mentres que os textos galegos deixan entrever a existencia dunha demorada ponte entre as fases primeira e terceira. A convivencia sintagmática de encurtamentos e formas herdeiras das plenas latinas abrangue ó norte do Miño case tres cuartos de século na terceira persoa e algo menos na primeira, e mesmo é posible o establecemento, no seu decurso, de diferenciacións de carácter diatópico relativas ó grao de penetración da alternancia e ás circunstancias que explican en cada caso as escollas. Falarase, pois, de non documentación da primeira fase e persistencia na segunda para os textos galegos, mentres que os portugueses manifestan un primeiro momento de estabilidade e unha rápida transición cara a outra situación nova, igualmente estable. Dado que o proceso culmina máis cedo ó norte do que ó sur do Miño, as diferencias son tamén de índole cronolóxica: nas compilacións de textos notariais galegos xa non se localizan encurtamentos de terceira persoa desde antes da segunda metade do século XIV, xusto o punto temporal en que o portugués entra aínda na segunda fase do proceso de cambio lingüístico.

Unha das principais características comúns a galego e portugués medievais está intimamente relacionada co confronto entre as pautas, cronolóxicas e de vigor textual, que opoñen as formas *ma* e *sa*. En efecto, tanto nun como noutro territorio a presenza do encurtamento de primeira persoa é considerablemente máis fugaz e residual do que a documentación do membro de terceira persoa da serie. Este paradoxo acada unha explicación coherente de termos en conta as especiais circunstancias que individualizan a situación da primeira persoa de feminino dos pronomes posesivos, e que en síntese consisten no feito de que as formas her-

deiras da plena latina MĒA(M) desenvolveron moi cedo unha nova situación de especialización funcional: *mia* aparece reservada para a ubicación prenominal e só se documenta residualmente á dereita do substantivo, en tanto que *mina* se escolle nun principio nas posicións sintácticas fortes. A creación dunha nova alternativa dispoñible exactamente para o mesmo contexto sintáctico propio da forma *ma*, e aínda as tentativas —só parcialmente exitosas— conducentes á xeración dunha forma encurtada [mjá] sobre o [mía] orixinario, explican a temperá conversión da redución de raigame latino en arcaísmo. Tal valoración para unha das variantes morfolóxicas que alternan debía estar xa moi consolidada nun momento cronolóxico o suficientemente recuado no tempo como para que a *koiné* trobadoresca xa non apareza instalada na situación de partida. Así e todo, cómpre sinalar que tamén no comportamento da primeira persoa se detectan algúns trazos diferenciais entre galego e portugués. En efecto, é de novo ó sur do Miño onde parece haber indicios dun primeiro momento de máxima estabilidade de *ma*, rapidamente substituído por *mha* e *minha* en alternancia, en tanto que as variedades do norte do Miño, de antigo instaladas na fase de transición, tenderon a prorrogar esta de xeito moito máis demorado.

Unha cuestión máis, tamén de interese por canto se manifesta igualmente en textos galegos e portugueses, refírese á moi probable intervención das circunstancias fonético-fonolóxicas como un dos aspectos que desde cedo gobernou a escolla entre encurtamentos e formas herdeiras das plenas latinas na segunda fase do proceso de cambio lingüístico. En efecto, nos escritos percíbese con claridade tanto unha temperá reticencia á minimización fonética do posesivo cando este concorre cun substantivo que comeza por /a/ ou máis en xeral por vocal⁶⁵, como un certo rexeitamento perante a creación de estrañas reiteracións silábicas que poderían resultar ambiguas ou mesmo cacofónicas⁶⁶. Este feixe de situacións problemáticas desde a perspectiva da fonética sintáctica convértese nun dos ámbitos máis antigos de documentación da segunda fase do proceso tanto ó norte e como ó sur do Miño.

Por último, é tamén común a galego e portugués notariais da época medieval o feito de que en aparencia sexan as áreas norteñas dentro de cada un dos territorios as que se poidan cualificar como máis innovadoras no avance da mudanza lingüística, en tanto que as falas do sur, especialmente as do Portugal central, tenden á conservación do estadio inicial do proceso durante un intervalo cronolóxico apreciablemente máis prolongado. En efecto, e aínda que non se trata dunha tendencia que se evidencie nos textos con toda a claridade que sería necesaria para facermos afirmacións contundentes, o modelo de difusión do cambio lingüístico

65 Non doutra forma cremos posible interpretar diversos fenómenos dos sinalados previamente, como por exemplo a ausencia, nos textos galegos, da locución fixada *por sa autoridade / outoridade*, e a súa temperá cronoloxía con formas tónicas en portugués, ou a escolla da opción *por mia alma* en documentos en que o encurtamento de raigame latino presenta un máis que notable vigor, como é o caso do texto 58 de *História* (Monterrei, 1290).

66 Esta é a razón que explica, ó noso xuízo, a escaseza de documentacións da locución fixada *cō ma mão* (*pro-pia*) tanto en textos galegos como portugueses, e quizais tamén a pobreza numérica de testemuños de *ma madre* nun e noutro territorio.

consistente en que son sempre as variedades setentrionais, tanto galegas como portuguesas, as que máis axiña manifestan (fase segunda) e consolidan (fase terceira) a innovación, parece perceptible tanto ó norte como ó sur do Miño. Con respecto a este último territorio fixemos algunha afirmación nesta liña *supra*, en §3.2.2. Polo que se refire ó galego, o carácter máis innovador das sintopías do norte parece tamén detectable: os datos expostos no apartado anterior falan de conservación dos encurtamentos en material documental que procede sempre do sur da comunidade, mentres que na variedade xurídica setentrional aparentemente descartouse esta opción morfolóxico-sintáctica desde cedo. Así e todo, tal percepción pode ser tamén debida á circunstancia de que as variedades do sur de Galicia están moito mellor representadas no noso corpus do que as do norte, polo que non é posible afirmar con rotundidade que as diferencias cronolóxicas que se aprecian nos textos respondan á realidade lingüística⁶⁷.

Máis aínda, tralo confronto entre a situación que se desprende da análise os textos portugueses e a que se deriva do exame dos textos galegos, obsérvase tamén cómo os primeiros son en termos xerais máis reacios a manifestaren o cambio de fase do que os segundos. Por tanto, na dialéctica entre conservadorismo e innovación, unha das que habitualmente se utilizan para clasificar as tendencias propias do galego e as características do portugués (cfr. *supra*, §2.2), é a variedade notarial do norte do Miño a que deixa entrever un estadio lingüístico menos antigo e podería sen dúbida ser definida como máis evolucionada no que se refire á cuestión que nos ocupa no presente traballo.

A modo de síntese final e valoración conxunta dos aspectos comúns e dos diferenciais deste proceso de cambio lingüístico de acordo coas evidencias que proporcionan os documentos notariais, cabe afirmar que as semellanzas entre os dous territorios teñen que ver sobre todo cos aspectos estruturais ou funcionais da mudanza: diferenciación das tres fases —das cales a primeira é, así e todo, hipotética para o galego, ó non estar avalada por material documental— e intervención das circunstancias fonético-fonolóxicas, senón como desencadeantes, si como un dos factores que explican o reparto de ocorrencias entre encurtamentos e formas derivadas das plenas latinas nos primeiros estadios da segunda fase. Polo que se refire á interpretación e xustificación dos trazos diferenciais, cremos que estes se encontran na liña da que tamén anteriormente se sinalou como a outra gran pauta de diferenciación entre tex-

67 Esta diferenza de representatividade foi a razón principal que nos levou a revisar complementariamente a documentación contida en *Catedral de Mondoñedo*, procedente na súa maior parte do norte da actual provincia de Lugo. Na nosa cata non atopamos vestixios do encurtamento de primeira persoa —de feito, utilízase unicamente a forma máis innovadora das posibles, grafada *mina* ou *minna*— en tanto que un único documento (número 72 [Viveiro, 1309]) presenta oito exemplos de *sa möller*, a carón dun total de dezaseis ocorrencias da forma plena, cinco delas no sintagma *sua möller*. A práctica totalidade dos textos en galego que se recollen nesta compilación foi redactada en Vilamaior-Mondoñedo, e por tanto non contamos con outros documentos coetáneos procedentes da área mariñá para poder aventurar se en realidade estamos diante dunha subsistencia rexional do encurtamento ou se máis ben cómpre entender estas formas como un uso notarial illado. Os datos seguen sen ser, pois, concluíntes, pero cremos sostible, en termos xerais, a afirmación de que a documentación das áreas setentrionais, tanto de Galicia como de Portugal, parece suxerir unha difusión máis temperá da innovación na escrita.

tos galegos e portugueses: a que destaca o polimorfismo daqueles, a súa tendencia a deixar transparentar mellor a variación, fronte á existencia dun fío conductor máis ou menos unitario nestes. En efecto, a menor demora no momento de transición, aquel que por natureza é menos estable, e por tanto o rápido movemento de difusión e consolidación do cambio lingüístico, cadra ben cun conxunto de variedades como as do sur do Miño, fluidamente comunicadas entre si. As innovacións semellan circular con rapidez no portugués medieval, con toda probabilidade por causa da incidencia e mediación de criterios lingüísticos de consenso vencellados a esferas políticas de poder como a chancelería real.

Sabido é, así e todo, que o estándar non sempre exerce de gran difusor das innovacións, senón que en moitos casos funciona como freo, cando menos temporal, para a xeneralización, consolidación e “prestixiación” destas. Con respecto á mudanza lingüística que nos ocupa no momento actual, e dado que, segundo se indicou nos parágrafos anteriores, os textos portugueses revelan un maior conservadorismo do que os galegos, cabería pensar nunha actuación deste tipo ó sur do Miño, en virtude da cal a probable decadencia de *ma*, *ta* e *sa* nas variedades orais puido coñecer unha manifestación relativamente tardía na escrita⁶⁸. Se os acontecementos se desenvolveron deste xeito, quizais en lugar de falarmos de diferencias cronolóxicas entre galego e portugués, sería ben considerar simplemente como máis axustados á realidade oral os textos galegos, precisamente por causa da non vertebración do territorio a través dunha variedade que actúe como modelo de lingua e que, neste caso, fixe como ortodoxa unha forma xa pouco usual na fala viva.

4.2. Lingua notarial e oralidade

Con todo, nin sequera para os escritos galegos cremos viable a defensa dunha identidade total, non matizada, entre localización de *ma* ou *sa* nun texto e existencia destas mesmas formas na variedade diatópica e diacrónica correspondente. Parécenos útil establecer unha tipoloxía de sintagmas con encurtamentos para a resolución desta cuestión puntual. A nosa xerarquía pretende organizar as frases nominais con reducións de raigame latino en función do grao de correspondencia entre presenza dunha destas estruturas nun texto e probabilidade de que a serie encurtada pervivise aínda na lingua oral dese mesmo tempo e lugar.

En primeiro termo e no chanzo inferior da escala atópanse as locucións fixadas que inclúen formas átonas de posesivo feminino. Ó noso xuízo, a persistencia de *ma* e *sa* nas distintas estruturas repetidas e modismos ós que reiteradamente se aludiu *supra*, en §3, debe ser interpretada como indicio case en exclusiva das circunstancias de elaboración dos textos xurídico-administrativos na época medieval, e especialmente da fixación, ás veces irreflexiva ou

68 Algúns indicios hai de que a tendencia ó abandono dos encurtamentos de raigame latino é anterior en Portugal ó que manifestan os textos notariais examinados. En Castro (1991: 222) interprétase a substitución de *sa* por *súa* na versión toledana, máis innovadora, do testamento de Afonso II (1214), como “síntoma possível do seu declínio [do encurtamento]”.

mesmo inconsciente, de formas arcaicas que se manteñen moi estables nas chamadas **partes formulísticas** do escrito (cfr. por exemplo Sabatini, 1968: 331, e desde o modelo deste autor e aplicándoo ó galego Bello, 1997: 511). Segundo indicamos máis arriba, a demorada persistencia de formas encurtadas en textos galegos remite maioritariamente a este primeiro tipo de estruturas e por esta razón non parece determinante, cremos, como proba que se achegue para demostrar a vixencia da serie na lingua falada na Galicia medieval. Máis en concreto, vimos (cfr. *supra*, §3.2.1) cómo a penetración de *sa* no século XIV se debe case en exclusiva ó aprecio que certos notarios dalgúñas áreas situadas ó norte do Miño amosan pola reiteración con encurtamento de determinadas locucións fixadas, en tanto que noutros grupos fraseolóxicos, e evidentemente en estruturas menos suxeitas a pautas de recorrencia, aparece a forma plena correspondente.

Nun segundo chanzo en canto ó seu valor e significado como testemuños do que efectivamente estaba pasando na oralidade da época, sitúanse os sintagmas con posesivos encurtados e substantivos relacionais humanos. Lembremos que as máis tardías documentacións de *ma moller*, *sa madre* e similares son ó norte do Miño case sempre anteriores ós albores do século XIV, polo que cabería postular como posible e documentalmente probada a vixencia, na fala viva e ata esa data, das reducións de raigame latino. Un aparente aval en favor desta hipótese consiste no feito de que as estruturas que se inclúen neste segundo segmento, a diferenza daquelas que configuran o grupo anterior, si teñen un referendo directo na oralidade, e mesmo coñecen un índice de frecuencia moi elevado en calquera tempo e lugar.

Así e todo, cómpre unha certa cautela, e é necesario valorar tanto as especiais circunstancias que caracterizan en xeral este tipo de sintagmas, como aqueloutras pautas que parecen definir o seu funcionamento na prosa notarial galego-portuguesa. Por unha banda, na deriva dos posesivos desde a época medieval á moderna constátase reiteradamente cómo aquelas frases nominais que presentan nomes de parentesco tenden quer ó desenvolvemento de formas específicas quer ó mantemento de arcaísmos, probablemente por causa da súa auto-suficiencia semántica e proximidade ós nomes propios⁶⁹. Pola outra, se ben é certo que non estamos diante de grupos fraseolóxicos fixados, cabe tamén anotar o feito de que a súa constante recorrencia nos documentos notariais pode crear unha certa inercia que prime a escolla de formas arcaizantes, pois estas son aínda accesibles ós escribíans a través da lectura e copia de textos antigos. Non cremos, daquela, que a presenza de encurtamentos a carón de substantivos relacionais humanos sexa un indicio firme nin sequera da existencia na oralidade da época e lugar correspondentes deste mesmo tipo de sintagmas con formas da serie reducida.

69 Algúns exemplos: no galego e no portugués, certas variedades diatópicas modernas e mesmo o estándar eximen os nomes de parentesco da automatización do posesivo articulado, o cal pode ser interpretado como un trazo arcaizante (cfr. Meier, 1948b, e Silva Domínguez, 2002 a: capítulo 41). Sintagmas específicos con posesivo encurtado e substantivos de parentesco son, por exemplo, aqueles do tipo de *mi padre* ou *o amigo de meu*, que manifestan formas e construcións diferenciadas pouco usuais fóra deste tipo de estruturas concretas (cfr. Silva Domínguez, 1993: 253-263).

Nun terceiro nivel, interpretable como máxima evidencia do mantemento da serie encurtada na variedade diatópica correspondente, sitúase a ocorrencia de posesivos encurtados nas que Sabatini (1968: 331) denomina **partes libres do texto**, aquelas que non se poden copiar sen máis duns escritos a outros pois son obxecto de modificación constante en cada un deles. Moi poucos exemplos de sintagmas con *ma* ou *sa* entran dentro desta categoría de máximo aval para demostrar a existencia das formas na oralidade correspondente, e en calquera caso só nos permiten testemuñar a probable vixencia destas formas nalgunhas variedades diafásicas asociadas a certas sintopías.

Así, e con referencia ós textos galegos, temos indicios probables da persistencia da forma reducida de primeira persoa na área da Guarda-Tui e en Monterrei nas décadas finais do século XIII⁷⁰, en tanto que a documentación portuguesa de formas de primeira persoa non nos parece concluínte, dada a súa escaseza, para a elaboración de hipóteses relativas á oralidade da época. A situación é distinta no que se refire á forma *sa*. En Portugal, antes de 1350 a totalidade dos sintagmas, fosen estes do tipo que fosen, partes libres ou sintagmas fixados, frases con substantivos relacionais humanos ou con nomes doutro tipo, presenta encurtamentos en posición prenominal, aínda que nas liñas precedentes optamos por unha interpretación desta homoxeneidade con poucas fisuras como un caso de fixación consensuada, artificial e aínda non revisada, dunha unidade lingüística que probablemente estaba xa en decadencia no rexistro oral. Durante a etapa de transición, ó sur do Miño documéntanse con *sa* especialmente unidades fraseolóxicas e sintagmas con substantivos de parentesco. *Sua*, por contra, pode ocorrer tamén nestes tipos de estruturas, aínda que tende a aparecer en contextos máis liberados do puramente formulístico⁷¹.

Por súa banda, ó norte do Miño a localización de encurtamentos de terceira persoa fóra dos dous tipos de sintagmas que se describiron previamente como menos válidos pola súa menor vinculación coa realidade é moi esporádica, pero posible⁷². A falta dun exame desta

70 Con respecto ós primeiros, véxanse algúns dos exemplos de estruturas con *ma* reproducidos na nota 23 do presente traballo; de Monterrei temos un interesante testamento lido en *História* (texto 58, 1290; véxanse notas 29 e 65) en que ocorren os sintagmas *a ma azemella* (liña 6), *a ma gorgeyra* (liña 7), *a ma saya uédra da sarga* (liña 11), *a ma capa* e *a ma saya noua* (liña 12), *as mas calças* e *a ma loriga* e *as mas geoleyras* (liña 13). Todos eles son exemplos de frases con nomes comúns, desvencelladas de contextos formulísticos e por tanto maximamente significativas.

71 Así, no texto de *Martins* número 66 (Caldas, 1370) lemos *ante fagūdo perez. Jiz (sic) pelo infante don Johan na sua terrá* (liña 2), en tanto que na parte final deste mesmo documento ocorren varias locucións fixadas con encurtamentos. Tamén no escrito número 168 (Santarém, 1357) aparece *per hũa sua procuraçom* (liña 1), e no 179 (Lisboa, 1383), *per hũa sua carta* (liña 9). En ambos ocorren tamén formas reducidas en diversas frases feitas. Cremos que se pode concordar en que estes sintagmas son menos previsibles e recorrentes do que aqueloutros que se definiron previamente como modismos ou estruturas reiteradas. Para os dous últimos exemplos non é descartable, tampouco, a influencia de factores sintácticos, pois aínda que a combinabilidade de *sa* co artigo indefinido aparece testemuñada no corpus (cfr. por exemplo *hũa ssa Irmáa que ha nome Margarida*, texto 166, liña 18 [Lisboa, 1353]), o certo é que non ten un gran vigor frecuencial.

72 Por exemplo: *Eu [...] escudeyro de dona Tereya Lourenza, de sa casa (Oseira, número 974 [Monforte, 1269], liña 26); damos por nosas almas [...] saluo aquelhe nosso celeyro cõ sa quintáa e cõ hũa arca e cõ hũa cuba (História, número 120 [Tebrá, 1302], liña 5).*

cuestión a través dun corpus máis amplo, cremos que a precariedade de *sa* fóra de contextos formulísticos, e a súa inexistencia máis alá dos albores do século XIV en textos galegos —deixando de lado a residual persistencia da unidade en locucións fixadas—, pode ser interpretada como índice do seu escaso ou nulo vigor na lingua oral da época. Outro tanto cómpre afirmar, ó noso parecer, con respecto á situación das falas portuguesas a partir de 1350, e quizais moito antes se consideramos válida a hipótese de que a fixación de *sa* na variedade lingüística en que están escritos os textos notariais pode ter un compoñente de artificialidade e convencionalidade maior ó sur do que ó norte do Miño, segundo se postulou en parágrafos anteriores.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

1. Textos medievais examinados

- Cal Pardo, E. (ed.) (1999): *Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo. Transcrición íntegra dos documentos*. Santiago: Consello da Cultura Galega (Ponencia de Patrimonio Histórico) (=Catedral de Mondoñedo).
- Duro Peña, E. (ed.) (1977): *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo” (=Sil).
- Fernández-Villamil y Alegre, E. (ed.) (1943a): “Documentos medioevales del museo de Pontevedra. Siglos XIIBXIII”, *Museo de Pontevedra*, 2 / 7, pp. 111-120.
- Fernández-Villamil y Alegre, E. (ed.) (1943b): “Documentos medievales del museo de Pontevedra. Siglo XIV”, *Museo de Pontevedra*, 2 / 11, pp. 125-154. (Estas dúas últimas compilacións denomínanse conxuntamente *Museo de Pontevedra*).
- Ferro Couselo, X. (ed.) (1967): *A vida e a fala dos devanceiros*. Vigo: Galaxia. Dous volumes [cito pola edición facsimilar, Vigo: Galaxia, 1996] (=Devanceiros).
- Justo Martín, M. X. / M. Lucas Álvarez (eds.) (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (=Universidade).
- Maia, C. de Azevedo (ed.) (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica, pp. 41-245 (=História).
- Martins, A. M. (ed.) (1994): *Cíticos na história do português. Apêndice documental*. Dissertação de Mestrado em Linguística Histórica, Universidade de Lisboa, Faculdade de Letras (=Martins).

- Romaní Martínez, M. (ed.) (1990): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense). 1025-1310*. Santiago: Tórculo, volume II.
- Romaní Martínez, M., M^a J. Portela, M^a P. Rodríguez Suárez e M. Vázquez Bertomeu (eds.) (1993): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense). 1301-1399*. Santiago: Tórculo, volume III (Estas dúas últimas compilacións denomínanse conxuntamente *Oseira*).

2. Obras mencionadas

- Álvarez, R. e X. Xove (1998): “Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral* galega”, in D. Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, volume I, pp. 29-58.
- Bechara, E. (1991): “As fases da língua portuguesa escrita”, in D. Kremer (ed.), *Actes du XVIII^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Université de Trèves [Trier], 1989)*. Tübingen: Max Niemeyer, volume III, pp. 68-76.
- Bello, M.X. (1997): “O paso do latín ó galego na documentación medieval. Achegamento a unha sociolingüística histórica”, in B. Fernández Salgado (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Oxford, 1994)*. Oxford: Centre for Galician Studies, volume I, pp. 505-518.
- Bello Rivas, M.X. (2001): “São Vicente de Fora (Lisboa) / Montederramo (Ourense). En torno a la tradición notarial gallego-portuguesa”, in D. Jakob e J. Kabatek (eds.) (2001), *Lengua medieval y tradiciones discursivas en la Península Ibérica*. Frankfurt am Main-Madrid: Vervuert-Iberoamericana, pp. 45-61.
- Boullón Agrelo, A. I. e F. R. Tato Plaza (1989): “Uniformidade e variedade do léxico xurídico-administrativo medieval galego”, in R. Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago, 1989)*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, volume VI, pp. 367-375.
- Carvalho, M. J. (2000): “O morfema *-des* na historia da língua portuguesa: uma abordagem segundo a metodologia da sociolingüística histórica”, in A. Englebert, M. Pierrard, L. Rosier e D. van Reemdonck (eds.), *Actes du XXII^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Bruxelles, 23-29 juillet 1998)*. Tübingen: Max Niemeyer, vol. II, pp. 65-74.
- Cardinaletti, A. (1998): “On the Deficient / Strong Opposition in Possessive Systems”, in A. Alexiadou e C. Wilder (eds.), *Possessors, Predicates and Movement in the Determiner Phrase*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, pp. 17-83.
- Castro, I. (1991): *Curso de história da língua portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta.
- Clavería Nadal, G. (1988): “La construcción artículo + posesivo en los siglos XIV y XV”, in M. Ariza, A. Salvador e A. Viudas (eds.), *Actas del I Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española*. Madrid: Arco / Libros, volume I, pp. 347-357.

- Company Company, C. (1993): “*Su casa de Juan: estructura y evolución de la duplicación posesiva en español*”, in R. Penny (ed.), *Actas del I Congreso Anglo-Hispano (1992)*. Madrid: Castalia, pp. 73-86.
- Dono, M.J. (1978): *O posesivo e outras formas de expresa-las mesmas relacións, na prosa galega medieval*. Memoria de licenciatura, Universidade de Santiago.
- Fernández Rei, F. (1996): “A posición do galego, lingua románica reemerxente”, in R. Lorenzo e R. Álvarez (eds.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago: Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago, pp. 17-46.
- Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago: Lairovento.
- García, C., A. Santamarina, R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei e M. González González (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Volume I, 1: Morfoloxía verbal*. A Coruña: Instituto da Lingua / Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- García Cancela, X. e C. Díaz Abreira (1994): *Manual de linguaxe administrativa*. Santiago: Escola Galega de Administración Pública (3ª edición).
- Giorgi, A. e G. Longobardi (1991): *The Syntax of Noun Phrases*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Gimeno Menéndez, F. (1991): “Sociolingüística histórica”, in D. Kremer (ed.), *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Université de Trèves [Trier], 1989)*. Tübingen: Max Niemeyer, volume V, pp. 111-120.
- González Seoane, E. (1991): “Ideas sobre a fragmentación dialectal do galego no século XIX”, in M. Brea e F. Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago: Departamento de Filoloxía Galega / Universidade de Santiago, tomo II, pp. 55-67.
- Huber, J. (1986): *Gramática do português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Hermida Gulías, C. (1994): “O artigo co posesivo adxacente no galego medieval, unha hipótese”, in R. Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago, 1989)*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, volume VI, pp. 297-307.
- Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega (2ª edición).
- Jakob, D., e J. Kabatek (eds.) (2001): *Lengua medieval y tradiciones discursivas en la Península Ibérica*. Frankfurt am Main-Madrid: Vervuert-Iberoamericana.
- Kabatek, J. (1997): “Dime cómo hablas y te diré quién eres. Mezcla de lenguas y posicionamiento social”, *Revista de Antropología Social*, 6, pp. 215-236.
- Koch, P. e W. Oesterreicher (1990): *Gesprochene Sprache in der Romania: Französisch, Italienisch, Spanisch*. Tübingen: Max Niemeyer.

- Lapesa, R. (1971): "Sobre el artículo ante posesivo en castellano antiguo", in *Sprache und Geschichte. Festschrift für Harri Meier*. Munich: Wilhelm Fink Verlag, pp. 277-296.
- Ly, N. (1978): "La syntaxe du possessif dans l'épisode Melón-Endrina du *Libro de Buen Amor*", *Cahiers de Linguistique Hispanique Médiévale*, 3, pp. 5-31.
- Lorenzo, R. (ed.) (1975): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", pp. XXVI-XXXV.
- Lorenzo, R. (1981): "Limiar" a W. Mettman (ed.), Afonso X O Sabio: *Cantigas de Santa María*. Vigo: Xerais, pp. 7-13.
- Lorenzo, R. (ed.) (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, pp. 81-167.
- Lorenzo, R. (1987): "Algunhas consideracións sobre a *História do Galego-Português* de Clarinda de Azevedo Maia", *Verba*, 14, pp. 441-488.
- Lorenzo, R. (1998): "A prosa galega medieval", in A. Ferrari (ed.), *Filologia Classica e Filologia Romanza: esperienze ecdotiche a confronto (Atti del Convegno. Roma, 25-27 maggio 1995)*. Spoleto: Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo, pp. 121-136.
- Lyons, C. (1985): "A Possessive Parameter", *Sheffield Working Papers in Language and Linguistics*, 2, pp. 98-104.
- Lyons, C. (1986): "On the Origin of the Old French Strong-Weak Possessive Distinction", *Transactions of the Philological Society*, 84, pp. 1-41.
- Lyons, C. (1990): "Phrase Structure, Possessives and Definiteness", *York Papers in Linguistics*, 14, pp. 221-228.
- Lyons, C. (1993): "El desarrollo de las estructuras posesivas en el español temprano", in R. Penny (ed.): *Actas del I Congreso Anglo-Hispano (1992)*. Madrid: Castalia, pp. 215-223.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago: Sotelo Blanco.
- Martínez Alcalde, M. J. (1996): *Morfología histórica de los posesivos españoles*. Valencia: Universidade.
- Mattos e Silva, R.V. (1989): *Estruturas Trecentistas*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- Meier, H. (1948a): "Sobre expressões de possessividade e sua história", *Boletim de Filologia*, IX / 1, pp. 55-77.
- Meier, H. (1948b): "Meu pai-o meu pai. O artigo antes de adj. possessivo + nome de parentesco na linguagem falada", *Boletim de Filologia*, IX / 2, pp. 175B190.
- Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Muljacić, Z. (1985): "Il fenómeno *Überdachung* 'tetto', 'copertura' nella sociolinguistica (con esempi romanzi)", *Linguistica*, 24, pp. 77B96.

- Neto, S. da Silva (1979): *História da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Presença.
- Nunes, J. J. (1945): *Compêndio de gramática histórica portuguesa*. Lisboa: Livraria Clássica Editora.
- Pensado, J. L. (1983): "Para la historia del posesivo en gallego y portugués: formas extravagantes", *Revista de Filología Románica*, I, pp. 185-191.
- Pensado, J.L. (1984): "Forma desconocida galaico-leonesa del posesivo femenino", *Zeitschrift für Romanische Philologie*, 100 / 3-4, pp. 384-386.
- Pino Serrano, L. (1989): *El artículo en francés antiguo. Contribución al estudio de las formas y empleos del artículo en los siglos XII y XIII*. Tese de doutoramento, Universidade de Santiago.
- Romaine, S. (1982): *Socio-Historical Linguistics: Its Status and Methodology*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Sabatini, F. (1968): "Dalla 'scripta latina rustica' alle 'scriptae romanze'", *Studi Medievali*, 9 / 1, pp. 320-358.
- Sánchez Álvarez, M. (1985): "Sobre los usos [artículo + posesivo + sustantivo] y [posesivo + sustantivo] en la literatura aljamiada", in *Homenaje a Álvaro Galmés de Fuentes*. Madrid: Gredos, volume III, pp. 1025-1028.
- Santamarina, A. (1995): "Norma e estándar", in H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, pp. 53-98.
- Satorre Grau, F.J. (1999): *Los posesivos en español*. Valencia: Departamento de Filoloxía Española da Universidade de Valencia.
- Silva Domínguez, C. (1993): *Os posesivos no galego moderno*. Memoria de licenciatura, Universidade de Santiago.
- Silva Domínguez, C. (1998): "Galego, romanço, nossa linguagẽ: o nome da lingua na prosa medieval de creación", *Verba*, 25, pp. 325-343.
- Silva Domínguez, C. (2002 a): *Frases nominais con posesivo en galego: estrutura e valores referenciais*. Santiago: Universidade (Anexo nº 50 de *Verba*).
- Silva Domínguez, C. (2002 b): "As formas reducidas do paradigma dos posesivos no galego medieval", in R. Lorenzo (ed.), *Homenaxe ó profesor Fernando Tato Plaza*. Santiago: Facultade de Filoloxía / Departamento de Filoloxía Galega, pp. 277-290.
- Spitzer, L. (1950): "Dos observaciones sintáctico-estilísticas a las *Coplas* de Manrique. I. El posesivo patético de Jorge Manrique", *Nueva Revista de Filología Hispánica*, IV / 1, pp. 1B15.
- Terracini, L. (1951): *L'uso dell'articolo davanti al possessivo nel Libro de Buen Amor*. Turín: Universidade (*Pubblicazioni della Facoltà di Lettere e Filosofia*, volume III, fascículo 5).

- Williams, E.B. (1975): *Do latim ao português*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.
- Wright, R. (2001): "La Sociofilología y el origen de la primera documentación canclilleresca en forma romance en Castilla", in D. Jakob e J. Kabatek (eds.) (2001), *Lengua medieval y tradiciones discursivas en la Península Ibérica*. Frankfurt am Main-Madrid: Veruert-Iberoamericana, pp. 63B77.
- Wunderli, P. (1978): "Les structures du possessif en moyen français", in R. Martin (ed.), *Études de syntaxe du moyen français*. París: Klincksieck, pp. 111-152.